



CENTRO DE DOCUMENTACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA
DE GALICIA

Análise da acción en política lingüística no ámbito municipal nos últimos anos



**Análise da acción en política lingüística
no ámbito municipal nos últimos anos**

Consello da Cultura Galega. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia
Análise da acción en política lingüística no ámbito municipal nos últimos anos / Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2012. — 96 p. ; 28 cm. — (Documentos e informes ; 21)
D.L. 368-2012. — ISBN 978-84-92923-32-8
1. Política lingüística-Galicia. 2. Lingua galega-Normalización. 3. Administración local-Galicia

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2012
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Autores do informe

Concepción Cochón Rodríguez, Valentín García Gómez e Nel Vidal Barral

Comisión Técnica do CDSG

Henrique Monteagudo Romero (director), Manuel Bermúdez Blanco, Concepción Cochón Rodríguez, Agustín Fernández Paz, Valentina Formoso Gosende, Valentín García Gómez, Susana Mayo Redondo, Xoán Rivas Cid e Nel Vidal Barral

Proxecto gráfico

Imago Mundi Deseño

Maquetación

Galicia Media

Depósito Legal: C 368-2012

ISBN 978-84-92923-32-8

**CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA**

Análise da acción en política lingüística no ámbito municipal nos últimos anos



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

(di)

documentos & informes

Presentación

O presente informe, centrado, como sinala o seu título, na *Análise da acción en política lingüística no ámbito municipal nos últimos anos*, foi elaborado por encargo da comisión técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega, dentro das actividades deste Centro. Unha versión resumida presentouse o pasado 29 de abril no marco dos XIII Encontros para a Normalización Lingüística, organizados polo CDSG. A elaboración do Informe correu a cargo de Concepción Cochón Rodríguez, Valentín García Gómez e Nel Vidal Barral, tres persoas que teñen unha longa e intensa traxectoria de traballo en normalización lingüística no ámbito municipal, membros activos da devandita comisión técnica. Os restantes membros da comisión técnica do CDSG (Manuel Bermúdez Blanco, Agustín Fernández Paz, Susana Mayo Redondo, Xoán Rivas Cid, Goretti Sanmartín Rei e eu mesmo) colaboraron na xestación, discusión e revisión final do texto.

A importancia do ámbito municipal para as accións de promoción do idioma é difícil de esaxerar. As administracións municipais son as máis próximas á cidadanía, as que teñen maior incidencia na vida local e aquelas coas que os veciños e veciñas teñen un trato máis asiduo. Por esa mesma razón, o CDSG vén prestando desde a súa fundación unha atención especialmente intensa a este ámbito. Para isto veu contando de xeito ininterrompido coa imprescindible colaboración da Coordinadora de Traballadores e Traballadoras pola Normalización Lingüística, un colectivo profesional que, cunha dedicación e unha eficacia admirables, quixo encargarse de cubrir as insuficiencias da actuación do Goberno galego e das deputacións provinciais neste ámbito.

O traballo que presentamos é unha mostra acabada do impecable rigor técnico con que o devandito colectivo e cada un dos seus membros afrontan as tarefas que eles mesmos marcan, un rigor que apenas consegue disimular a paixón polo idioma que late por detrás da súa enteira traxectoria de servizo público. Traxectoria que ofrece un exemplo extraordinario de intervención silandeira e eficaz, en medio de todo tipo de atrancos e dificultades, merecente non só de parabéns e recoñecementos, senón, o que seguro que a eles mesmos lles importa máis, de maiores apoios institucionais e de máis sólidas complicidades sociais.

Dado que os obxectivos, conclusións e relevancia do informe están explicados con toda clareza no mesmo texto, só me resta agradecer, en nome do Consello da Cultura Galega, o empeño dos seus autores, e expresar o desexo de que, para ben do país e do idioma, as súas propostas, observacións e suxestións teñan o eco requirido nas autoridades responsables, do Goberno galego, das deputacións e dos propios concellos.

Henrique Monteagudo
Coordinador do CDSG

documentos & informes

Índice

6 PRESENTACIÓN

- 11 1. INTRODUCCIÓN SOBRE A COMPETENCIA E OS OBXECTIVOS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA MUNICIPAL**
- 15 2. A DETERMINACIÓN DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA MUNICIPAL ALÉN DOS CONCELLOS**
- 29 3. OS ELEMENTOS ESTRUCTURAIS NA POLÍTICA LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL**
- 57 4. O USO DO GALEGO COMO LINGUA DE TRABALLO E COMUNICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS**
- 67 5. AS ACCIÓNS PARA O INCREMENTO DO USO E PRESTIXIO DA LINGUA GALEGA NA SOCIEDADE**
- 77 6. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS XERAIS**
- 81 ANEXO DE NORMATIVA QUE REGULA O USO DA LINGUA GALEGA**
- 91 ANEXO DE ACTUALIZACIÓN DA *ANÁLISE DA ACCIÓN EN POLÍTICA LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO MUNICIPAL NOS ÚLTIMOS ANOS***

1. INTRODUCCIÓN SOBRE A COMPETENCIA E OS OBXECTIVOS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA MUNICIPAL

A normalización lingüística é un proceso social que procura, ao abeiro da lexislación vixente, a xustiza no ámbito sociolingüístico, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso territorio. É responsabilidade de todos e de todas contribuírmos deste xeito a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo, para que poidamos chamarlles ás cousas cos nomes xenuínos que aquí se lles deron, e para que poidamos facelo con normalidade.

O proceso de normalización lingüística, para que sexa efectivo, debe ser asumido pola cidadanía, mais as administracións públicas teñen a obriga legal e a responsabilidade social de apoiar e promover ese proceso, para o que deben implementar políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras.

E, para isto, as administracións locais xogan un papel fundamental, principalmente por dúas razóns:

- por seren as administracións máis próximas á cidadanía e coas que a xente ten máis relación e contacto,
- e polo papel desempeñado até o momento, e a infraestrutura e experiencia coa que contan, con servizos de normalización lingüística (SNL) espallados por todo o país (na actualidade 69, con incidencia en máis do 60% da poboación) e con experiencia no desenvolvemento de campañas de normalización lingüística desde hai anos.

Polo importante papel que xogan e deben xogar os concellos no proceso de normalización lingüística, para coñecer a situación actual e a evolución nos últimos anos do xeito máis pormenorizado e obxectivo posible e para facer propostas de mellora, é polo que se realiza este informe desde o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG).

Os datos que aquí se dan proceden, nuns casos, do propio CDSG e, noutros, da información dada durante os meses de marzo e abril de 2011 directamente por 17 servizos de normalización lingüística doutros tantos concellos das catro provincias, do rural e do urbano, e de distintas cores políticas. Agradecemos a colaboración deses concellos que nos forneceron de datos actualizados: A Cañiza (PP), A Coruña (PSOE-BNG), Barreiros (PP), Ferrol (PSOE), Lugo (PSOE), Malpica de Bergantiños (PSOE), Melide (BNG-PSOE), Moaña (BNG-PSOE), O Carballiño (PSOE-BNG), Ourense (PSOE-BNG), Pontevedra (BNG-PSOE), Ribeira (PP), Santiago de Compostela (PSOE-BNG), Val do Dubra (PP), Vigo (PSOE-BNG), Vilagarcía de Arousa (PSOE-BNG) e Vilalba (PP).

2. A DETERMINACIÓN DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA MUNICIPAL ALÉN DOS CONCELLOS

2.1. Un marco normativo antigo e pouco desenvolto

A lexislación que establece os dereitos, as obrigas e as competencias no tocante ao uso da lingua e ao proceso de normalización do galego é moi xenérica e escasa, tanto polo número de normas e a súa extensión como polo número de ámbitos en que está regulado polo miúdo o uso da lingua. Ademais, a lexislación vixente está pendente de ser desenvolto en leis máis concretas desde hai xa vinte e oito anos. A competencia de legislar a maior parte dos ámbitos de uso pertencelle á Administración autonómica; aínda que lles corresponde aos concellos facer efectiva esa normativa, ao ser a Administración máis próxima á cidadanía.

A seguir trátanse algúns aspectos relevantes sobre a lexislación vixente. Ao final deste informe engádese un anexo que, sen pretender ser exhaustivo, recolle algunhas das normas legais que inciden no ámbito da lingua e que afectan en maior ou menor medida ao ámbito local.

O Estatuto de autonomía establece que o galego é a «lingua propia» de Galicia. A condición de «lingua propia» leva consigo unha serie de consecuencias xurídicas. Por unha parte, é un mandato aos poderes públicos para normalizaren o galego na sociedade e corrixir a situación histórica de desigualdade co castelán. Por outra parte, ser «lingua propia» quere dicir ser a lingua da Administración; isto implica que o galego será a lingua habitual de comunicación tamén para a Administración local.

O galego adquire o estatuto de «lingua oficial» co Estatuto de autonomía de Galicia; porén, desde o ano 1978, a Constitución española xa prevé a oficialidade para as linguas diferentes do castelán, segundo establezan os estatutos de autonomía das comunidades autónomas (art. 3.2). Ademais, distingue, no art. 3º, entre linguas e modalidades lingüísticas de España. Para as linguas garante a oficialidade; pódese entender que a oficialidade vai máis alá do respecto e protección que prevé para as modalidades. Ademais, o Tribunal Constitucional interpreta que a declaración de oficialidade das linguas significa o establecemento dos dereitos e deberes lingüísticos dos cidadáns fronte a todas as administracións públicas (STC 87/1997).

Consonte as dúas normas básicas, a Lei 3/83 de normalización lingüística establece (art. 4) que o galego é a lingua de uso preferente de todas as administracións e institucións de Galicia e dos entes que dependan delas, como organismos autónomos ou entidades públicas empresariais. Ademais, esta lei regula o uso oficial do galego en todo o título II; entre outras cuestións encárgalles aos poderes públicos a promoción do uso normal do galego oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns (art. 6.3) e fai responsables á Xunta e ás administracións locais da tarefa da normalización lingüística (no art. 6.4 e en todo o título VI, art. 22-25). Ao longo de todo o texto, a lei do ano 83 establece un amplo marco co mandato de normalización e uso preferente do galego para as administracións, ao tempo que garante o dereito de opción lingüística dos cidadáns. Na Lei de normalización destaca o artigo 10, pola especial protección que establece para a toponimia galega; mais, alén deste punto concreto a lei quedou practicamente sen desenvolver ao faltar normas posteriores que fosen regulando polo miúdo os ámbitos xenéricos que a lei do ano 83 establece.

A Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais é o único tímido intento legislativo que tivo como fin específico o desenvolvemento da Lei de normalización. Porén, a lei do 88 quedou moi cativa, cunha ampla declaración de intencións no prólogo e dous exiguos artigos que se deteñen en cuestións formais do funcionamento das administracións locais e que insisten na responsabilidade da Xunta no pro-

ceso de normalización. En realidade, non establece medidas concretas, non fala de accións, nin sequera se detén en aspectos tan básicos como a comunicación oral.

O resto das normas legais que a Administración autonómica ditou para regular o uso da lingua redúcese a mínimos artigos que de cando en vez aparecen inseridos na lexislación específica de cada tema. Estes artigos só en rarísimos casos constitúen un avance ou unha concreción do marco xeral establecido polo Estatuto de autonomía e pola Lei de normalización lingüística (LNL).

Neste sentido, foi moi importante o avance que supuxo a Reforma da lei de función pública do ano 2007, xa que determinaba que cando menos unha proba de acceso debería desenvolverse en galego; isto é, establecía «medidas para asegurar o cumprimento do xa existente deber de acreditación do coñecemento da lingua galega no acceso ao emprego público autonómico». A medida tentaba «posibilitar o cumprimento, no ámbito da función pública, do establecido no Plan de normalización lingüística, aprobado por unanimidade das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia, así como do disposto na Lei de normalización lingüística de Galicia».

Unha última reforma, no ano 2009, anulou a modificación do ano 2007 e eliminou as medidas que afectaban os requisitos de acceso; é dicir, retrotraeu a situación ao establecido no ano 1983, coa Lei de normalización, e eliminou a única medida que podía garantir a adecuación dos coñecementos lingüísticos das persoas que optaban a un posto na función pública ás características lingüísticas do posto de traballo ao que optaban. Malia esta involución na lei non se impide que, para garantir que o galego sexa a lingua habitual de traballo e de comunicación, a Administración local poida valorar o coñecemento do galego como requisito de capacidade nos empregados tanto do Concello como dos entes e organismos que dependan del; o que desaparece é a obrigatoriedade xeral de establecer eses mecanismos, deixando as probas á vontade de cada Administración local.

Na mesma liña de recortes de dereitos na lexislación a prol da lingua tamén se insire a substitución do Decreto 124/2007, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/83 de normalización lingüística por un novo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo. Educación é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, polo que en principio podería parecer que a medida non atinxe directamente o ámbito municipal. Porén, entre outras cousas, o cambio xa afecta directamente á cantidade de lingua galega coa que os nenos e nenas están en contacto na escola, especialmente nas cidades e vilas, onde a desgaleguización do contorno e das familias é un feito constatado polos estudos. Coa nova lexislación moito do estudantado de educación infantil e primaria perde a meirande parte de horas en que estaba en contacto coa lingua propia do país, o que influirá na súa adquisición de competencias.

Ante tan cativo panorama lexislativo as ordenanzas e os regulamentos municipais son a única excepción de normas legais creadas no ámbito local. Nos últimos anos aprobáronse un total de 8 novas ordenanzas, co que en total hai 37 textos municipais en vigor. As normas deste tipo regulan, máis ou menos polo miúdo, o uso do galego na Administración local. Esta regulación pode incluír os usos orais e escritos das empresas públicas ou entidades que presten servizos públicos municipais; nas relacións cos administrados; nas actividades públicas, avisos e publicacións; na sinalización, rotulación e cartelaría; nas relacións con outras institucións; na selección, formación e reciclaxe do persoal. As ordenanzas concretan a obrigatoriedade da Administración local, e polo tanto dos seus traballadores e traballadoras, a empregaren o galego como lingua habitual e normal para todos os actos administrativos, de comunicación e publicidade; para visibilizalo na sociedade, promover o seu uso e garantir que se corrixa a eiva histórica nos seus usos. O obxectivo é acadar que o funcionamento dos concellos sexa integramente en galego, aínda que garantindo os dereitos constitucionais con respecto ao castelán.

Xa que logo, o actual marco legal para a lingua galega está formado por unha lexislación atrasada, pendente de ser desenvolvida desde hai vinte e oito anos e que aínda está a recibir recortes nos tímidos avances que presentou neste tempo. Coas medidas lexislativas involutivas, ademais de continuar co estancamento da Lei de normalización, estase a incumprir a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias; este texto legal, que foi ratificado no ano 2001 polo Goberno español, é defendido por algúns autores como parte do bloque constitucional.

2.2. Un PXNLG que non tivo moi en conta o papel dos concellos

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén os seguintes obxectivos e medidas para a área da Administración local:

Obxectivos xerais

- É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación coas persoas administradas.
- Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas.
- Hai que poñer os medios para que toda persoa traballadora ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/á que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

Obxectivos específicos

- Corrixir a descoordinación das actuacións normalizadoras dos concellos, deputacións, Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o desequilibrio no uso do galego entre os departamentos culturais e os técnicos da Administración local.
- Consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración local.
- Mellorar a calidade do idioma falado e escrito polos/as funcionarios/as.
- Crear e reforzar nos altos cargos e nos/as funcionarios/as a conciencia do seu protagonismo no proceso de normalización.
- Actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego dos/as funcionarios/as.

Medidas

- Establecer un amplo proceso de coordinación que integre deputacións, concellos, EGAP, Fegamp.
- Establecer que nos pregos de condicións e concursos se inclúa de oficio a cláusula de que «as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego».
- Establecer que todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos (oficinas de atención ao público, instalacións deportivas, televisións e radios municipais, servizos de augas etc.) teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita.
- Establecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán normalmente en lingua galega.
- Establecer que as intervencións xudiciais da Administración se realizarán en lingua galega.
- Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións (maioritariamente, deputacións e concellos, os servizos de concentración parcelaria e o catastro) teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia, e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), para a súa organización e posta á disposición da sociedade na rede.
- Establecer que todos os contratos e axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.
- Establecer normas xerais e uniformes sobre capacidade lingüística esixible nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.

- Programar un novo proceso de formación lingüística dos funcionarios que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez expresiva e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.
- Establecer plans nas deputacións provinciais para a adquisición e/ou elaboración de todos os programas de xestión administrativa en galego.
- Diseñar programas de fixación e divulgación de linguaxe administrativa en coordinación coa EGAP e co Servizo de Terminoloxía Galega (Termigal).
- Establecer que as respostas telefónicas das administracións locais a todo cidadán ou cidadá deben ser en principio en galego (oferta positiva).

Nunha análise un pouco detallada desta redacción, dámonos conta de como o documento, tanto na exposición de obxectivos como de medidas, concibiu os concellos e as deputacións como unha fase final do proceso normalizador e non como un medio para que ese proceso avanzase, e, consonte isto, quedou desbotado o importante papel que os servizos de normalización lingüística realizan na Administración local así como aspectos tan relevantes como a súa consolidación.

Estes obxectivos e medidas do PXNLG, sen ser en ningún momento desbotables, quedaron nun nivel xenérico que valeu pouco máis que para fundamentar outro tipo de normativas e accións de aplicación concreta (plans de normalización municipais, regulamentos, ordes de subvencións e axudas, programas de campañas etc.). En definitiva, supuxo a perda da grande oportunidade que tería sido un desenvolvemento máis acertado e unha visión dos concellos como elementos e intermediarios fundamentais para chegar ao conxunto da cidadanía con políticas normalizadoras activas, sen que isto vaia en detrimento do logro que supuxo a aprobación deste Plan no ano 2004, constituíndo sen dúbida un paso adiante fundamental no proceso normalizador do galego.

2.3. A obriga de apoio e coordinación desde a Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia ten a obriga de «asumir a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega», tal e como sinala o artigo 22 da Lei de normalización lingüística de 1983, artigo que, ademais, establece que tamén «coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da lei».

Deste xeito, á Xunta correspóndelle impulsar e coordinar os servizos de normalización lingüística, mais esta obriga non foi incluída de xeito explícito até 2006 entre as funcións do órgano coas competencias en materia de política lingüística na Administración autonómica. É en 2006 cando, por vez primeira, o Decreto 44/2006 (DOG 16/3/2006) lle atribúe á Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) a función de «Impulsar e coordinar o labor de normalización lingüística dos demais organismos públicos» mais, no decreto en que se definen actualmente as funcións da SXPL, o 332/2009 (DOG 24/6/2009), non está explicitada xa esta función. Así e todo, aínda que a Xunta fixese desaparecer esa función do decreto, a dirección técnica do proceso de normalización lingüística e mais a coordinación dos servizos segue a corresponderlle igual, tal e como se sinala no artigo 22 da LNL.

Ademais disto, cómpre salientar que o órgano ao que a Xunta lle confire as competencias en política lingüística, para poder cumprir axeitadamente estas funcións, debería estar posicionado organicamente de tal xeito que puidese intervir de xeito global sobre o conxunto de administracións, organismos, ámbitos e sectores sociais, o que até 2005 non se cumpriu. Até ese momento, a Dirección Xeral de Política Lingüística estivo situada na Consellería de Educación, o que significou que a súa capacidade de acción estaba reducida. En 2005 o órgano coas competencias en política lingüística pasou a converterse nunha secretaria xeral, e a situarse organicamente no cumio da organización, na Presidencia, mais en 2009 o Goberno da Xunta volveu relegar a SXPL á Consellería de Educación, coa conseguinte dificultade e limitación no plano competencial.

Para cumprir a obriga de apoiar os SNL, o único medio utilizado pola Xunta até agora foron subvencións convocadas anualmente. Para a coordinación, intentouse crear en 2007 un consorcio interadministrativo, proxecto que non foi adiante, que se desbotou e que en 2009 se substituíu pola proposta de creación dunha Rede de Dinamización Lingüística (RDL), que está aínda sen constituír. Estes medios son os que analizaremos a continuación.

Alén disto, as únicas accións en que a SXPL procura unha mínima colaboración cos concellos é en actividades puntuais de programas como Bocaberta ou os Axóuxeres. Noutras campañas e accións, a SXPL nunca tivo en conta o potencial que poden supor os SNL municipais espallados polo país para chegar ao maior número de poboación posible.

2.3.1. As subvencións

Para impulsar a creación de servizos de normalización lingüística nas administracións locais, a Xunta de Galicia mantén desde 1991 unha convocatoria anual de subvencións.

Até 2008 estas axudas convocounas formalmente a Dirección Xeral de Administración Local, mais coa maioría dos fondos procedentes do departamento de Política Lingüística. En 2009 as subvencións concedéronse a través dun convenio coa Fegamp, e a partir de 2010 a SXPL asumiu directamente a convocatoria.

Aínda que foi, principalmente nos anos 90, a raíz destas axudas como se foron creando os primeiros SNL municipais, 20 anos despois os resultados globais foron ben escasos. Non lograron fixar unha estrutura minimamente estable de SNL, propiciaron a creación de SNL temporais que aparecen e desaparecen, e que só duran un ou dous meses ao ano totalmente dependentes destas subvencións (os coñecidos como *servizos guadiana*), e non estableceron unha liña de acción conxunta nin tan sequera unha mínima coordinación nas accións desenvolvidas.

Despois de 20 anos sen se modificaren os criterios destas axudas, en 2010 a convocatoria recolle unha serie de cambios e requisitos, que, en xeral, se mantiveron na de 2011. Estes, principalmente, son:

- Cumprimento das funcións dos SNL, que, por primeira vez, se establecen na convocatoria.
- Regulación da categoría profesional dos/as traballadores/as de normalización lingüística, que deben estar en posesión dunha licenciatura e que, polo tanto, deben estar contratados coa categoría laboral correspondente.
- Procura dunha mínima estabilidade, sinalando que só se concederá subvención para a creación de SNL unha vez. A partir de aí, os concellos poderán optar a recibir axuda para o mantemento, mais para iso non poderán pechar antes o SNL.
- Priorización dunha serie de liñas de actuación, nuns sectores determinados.
- Fixación duns criterios obxectivos que, xunto cun sistema de puntuación, establecen o cálculo da axuda que cada concello percibirá.
- Impulso dos SNL compartidos entre varios concellos. Para isto, os concellos que creen SNL compartidos obterán unha maior puntuación. Establécese que só poden obter subvención os concellos ou agrupacións que teñan unha poboación mínima de 3000 habitantes.
- Mellora do sistema de xustificación das axudas, cuns requirimentos que ofrecen maiores garantías (como a acreditación da categoría profesional do persoal do SNL por medio dunha copia compulsada do contrato e do TC2, ou documento xustificativo de validez similar).

Mais todos estes criterios e requisitos que se recolleron na convocatoria, e que valoramos como positivos, quedan en nada cando a propia orde reguladora inclúe unha modalidade para o desenvolvemento de accións de dinamización lingüística sen necesidade de contar con SNL, ou, o que é o mesmo, sen necesidade de que os concellos cumpran ningún dos requisitos establecidos con respecto ás funcións dos SNL, á categoría profesional dos/as traballadores/as, da procura de estabilidade, do impulso de SNL compartidos etc. Isto é, nas convocatorias de 2010


e 2011 fíxanse, por fin, criterios que garanten a estabilidade e o funcionamento dos SNL, pero para recibir subvención os concellos non teñen por que cumprilos.

En virtude da convocatoria de 2010, e segundo os datos fornecidos pola SXPL, foilles concedida unha axuda para a creación ou o mantemento/reforzamento dos seus servizos lingüísticos, así como para a realización de programas de dinamización lingüística, a un total de 106 concellos. Deles, 23 concellos menores de 3000 habitantes presentáronse á axuda baixo a nova modalidade de agrupamento (aínda que despois moitos renunciaron á subvención).

Destináronse nese 2010 un total de 602 668 € para a convocatoria, o que supuxo unha considerable baixada con respecto a anos anteriores; con todo, nesta ocasión non se incluíron na orde de subvencións as deputacións, que recibiron axuda da SXPL mediante convenios de colaboración, cunha contía total, entre as catro, de 137 000 €.

Na convocatoria de 2011 a asignación económica baixou aínda máis e pasou a ser de 420 000 €, o que supón pouco máis da metade que en 2008.

Orzamento para a convocatoria de subvencións para a promoción do uso do galego nos concellos



Con respecto aos resultados da última convocatoria resolta no momento da elaboración deste informe, a de 2010, e segundo a análise feita pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) tendo en conta os datos do CDSG (<http://ir.gl/8775dd>), aínda que en principio se lles concedera subvención a 106 concellos (moitos deles sen SNL), debido á tardanza na resolución a gran maioría viuse na obriga de renunciar a ela.

Por exemplo, para a creación de servizos de normalización lingüística concedéuselles subvención nese 2010 a 36 entidades solicitantes (tanto concellos como agrupamentos de concellos). Das 36 entidades, 26 renunciaron á axuda e 10 crearon servizos ao abeiro da subvención; destes, só 1 se mantén en funcionamento na actualidade, os outros duraron un só mes.

Con todo isto, e seguindo coa análise feita pola CTNL, a convocatoria supuxo un fracaso, xa que non acadou os seus obxectivos básicos, que, segundo se sinalaba, eran «fomentar a prestación dun servizo lingüístico en concellos ou en agrupacións de concellos», así como subvencionar «a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega».

Este fracaso debeuse a factores como:

- A tardanza na convocatoria e a tardanza na publicación da resolución. A resolución publicouse en setembro e o prazo de xustificación acabou en outubro, polo que os concellos tiveron que xustificar a subvención un mes despois de que lles fora concedida. Isto significa que a subvención non foi anual, senón mensual; de feito, os servizos que se crearon pecharon xusto un mes despois de naceren.
- Escasa dotación orzamentaria, que aínda se volveu reducir nun 30% para 2011, o que significa que, lonxe de procurar crear novos SNL, a SXPL contribúe ao peche dos existentes vía redución orzamentaria. Esta redución aínda se ve agravada porque boa parte deses escasos cartos non se dedican a financiar os SNL, senón a actividades puntuais de concellos sen servizos técnicos.
- Falta de planificación territorial para a creación dos SNL.

2.3.2. Un Consorcio frustrado e unha Rede aínda sen funcionar

Parece lóxico que debería ser función da Xunta a (re)organización e (re)aproveitamento de todos os SNL espallados polo país, creados de xeito irregular e non planificado ao longo dos últimos 20 anos.

Xa en 1998, nos II Encontros para a Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega foi presentada, por parte da CTNL, unha proposta de comarcalización deses servizos. Non tiña sentido, nin o ten, o traballo individual de cada un dos SNL sen unha planificación e coordinación a nivel galego, cunha situación tan desigual de cada un deses departamentos, inestabilidade e falta de continuidade, mal aproveitamento dos recursos, aleatoria e desigual distribución xeográfica etc.

Por esas razóns, propúxose a creación dunha estrutura estable participada polas distintas entidades responsables, principalmente Administración autonómica e local, coa que se crease unha rede estruturada de unidades territoriais, de SNL de ámbito comarcal en todo o país. A figura xurídica que se consideraba máis axeitada para ese fin era a dun consorcio. A proposta, que foi amplamente espallada e presentada, entre outros, á Xunta, á Fegamp e ás distintas organizacións políticas, permitía a unificación de esforzos, a planificación, a coordinación, a optimización de recursos etc. O modelo presentado, ao que en principio todos lle vían vantaxes, non foi asumido na práctica pola Administración.

Mais en 2005, coa constitución do Goberno bipartito, parecía que as cousas ían mudar. Por unha banda, unha das organizacións que constituían o executivo, o BNG, incluía no seu programa de goberno a «creación dunha estrutura nacional consorciada para coordinación de SNL multidisciplinares e con capacidade de intervención social», e, por outra banda, unha das funcións que lle foi asignada á SXPL no Decreto 44/2006 foi «promover, impulsar e coordinar o labor dos servizos de normalización doutros organismos e administracións públicas, así como dos entes e consorcios interadministrativos que se creen para favorecer e axilizar o proceso de normalización lingüística».

Deste xeito, desde a CTNL volveuse insistir no proxecto e desde a Administración comezouse a dar os primeiros pasos. Discutíronse propostas, posibilidades, modelos..., e finalmente a SXPL decidiu crear dous consorcios, un de Planificación Lingüística e outro de Terminoloxía. Aínda que esta división non era a proposta inicial e había cousas discutibles e mellorables, os avances serían claros e evidentes.

O Consorcio de Terminoloxía estaría formado pola Xunta, a Real Academia Galega e as tres universidades galegas e encargaríase dunha parte da planificación lingüística do corpus: a fixación terminolóxica e a elaboración e difusión de recursos de léxico especializado.

O obxectivo do Consorcio para a Planificación Lingüística sería o do impulso institucional e social do uso da lingua galega, co fin de acadar para esta máis presenza no noso país e máis espazos de uso nos diferentes

sectores sociais. Para iso, crearíase unha estrutura estable da que dependesen os servizos de normalización lingüística, con órganos de decisión nos que participarían as distintas entidades consorciadas.

A creación deste Consorcio foi incluída nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2007 e no programa operativo dese mesmo ano da SXPL, presentado no Parlamento galego en marzo de 2007. Logo iniciouse unha rolda de presentacións a deputacións e concellos das cidades galegas, coa que se foi conseguindo o compromiso desas entidades para formar parte do novo organismo.

Mais a pesar de todo iso, dos pasos dados, dos acordos, dos compromisos conseguidos doutras administracións, da publicitación do proxecto, da asignación orzamentaria, da información publicada e do acordo parlamentario, nese 2007 o Consorcio non se constituíu. E, aínda que nos orzamentos de 2008 volveu incluírse unha contía económica destinada á súa creación, a constitución dese organismo fundamental para a planificación lingüística foi paralizada por parte da SXPL e, polo tanto, as súas obrigas e os seus compromisos foron incumpridos.

En definitiva, perdeuse a oportunidade de crear unha estrutura estable, un consorcio para a normalización lingüística, cunha rede de SNL consolidada por todo o país. O Goberno do PP tamén desbotou o consorcio na súa chegada ao poder en 2009; substituíuno pola proposta de constitución da Rede de Dinamización Lingüística, cuxa orde de creación publicou en setembro de 2010.

O DOG do 21 de setembro de 2010 publicou a Orde pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística; segundo a SXPL, unha asociación voluntaria que busca favorecer a colaboración e a acción conxunta e coordinada entre a SXPL e as entidades locais integradas nela, que permite intercambiar experiencias, actuar sobre a maior parte do territorio posible e sumar esforzos, así como evitar a duplicidade de tarefas semellantes entre diferentes administracións e outras organizacións que actúan na promoción do uso da lingua galega.

Debido a que aínda non tivo lugar a súa constitución e polo tanto a posta en funcionamento real, parece prudente e equitativo expoñer neste documento os aspectos que mantivo a SXPL para o seu deseño, así como o informe que ao respecto elaborou a CTNL, debido ao relevante papel que esta asociación profesional sempre desempeñou na reivindicación e proposta para a coordinación dos SNL en Galicia.

Para o seu deseño a SXPL mantén que tivo en conta os seguintes aspectos:

Un novo contexto para os servizos públicos:

- Estase ampliando o concepto de servizo público cara a cuestións máis inmateriais, de servizo ás persoas, de promoción da cultura etc.
- Existen xa servizos e programas de actuación supramunicipais, comarcalizados ou mancomunados (Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade, Programa Xiana, transportes, servizos sociais, promoción do emprego...).
- As deputacións e a Administración autonómica, e nesta vía debería actuar a SXPL por medio da orde de axudas, están apoiando as iniciativas de agrupamento de concellos para a prestación de servizos.
- Todas as organizacións políticas defenden, nas negociacións do pacto local, a agrupación e colaboración entre as entidades locais, como entes territoriais que asuman servizos, complementadas polas mancomunidades e áreas metropolitanas.
- No marco desas negociacións cabe incluír o deseño do mapa de competencias e servizos en materia de política lingüística.
- Puxéronse en marcha outras iniciativas de apoio ao traballo dos servizos (rolda de terminoloxía, recursos en liña...).
- Está moito máis asumida a necesidade de que as administracións actúen na sociedade e, para facelo, precisan de ferramentas.

Eixes básicos da proposta de coordinación dos servizos:

- Planificación global
- Cobertura de todo o territorio

- Estabilidade
- Rendibilización dos recursos
- Coordinación
- Multidisciplinidade e especialización

• É necesario facer moito fincapé en tirar maior rendemento aos recursos públicos que se empregan na normalización, pois o contexto económico no que nos movemos caracterízase pola escaseza de recursos e a dosificación de medios para estes fins; esta previsiblemente será a tónica dominante no funcionamento dos servizos que prestamos durante os próximos anos.

Con respecto á orde de creación desta Rede, a CTNL elaborou un informe en novembro de 2010 (<http://ir.gl/e61c6e>) no que critica diversos aspectos concretos e no que fai propostas para que esta poida ser válida, baseándose nos seguintes puntos:

- A figura da rede non é a mellor fórmula, pois non é un organismo real con entidade propia.
- Non ten sentido crear unha rede para coordinar o traballo en dinamización lingüística sen unidades técnicas que desenvolvan ese traballo, e para formar parte da Rede os concellos non teñen que ter SNL.
- Para crear unha rede cumpriría estabilizar os poucos SNL existentes e crear outros novos, algo que non se fai, para que así a Rede puidese contar con organismos técnicos territoriais.
- Aos concellos non se lles pide ningunha condición mínima, nin sequera o uso do galego e o compromiso coa súa promoción.
- Confúndese a finalidade cos medios. A dinamización non pode ser un fin, senón que ten que ser un medio para acadar a normalización.
- Os concellos poden estar representados na Rede por técnicos/as sen ningún coñecemento nin competencia en normalización lingüística, pois non teñen por que ter técnicos/as de normalización lingüística para planificaren nin desenvolveren as accións.
- Nin a Dirección Xeral de Administración Local, nin a Fegamp, nin outras entidades con competencias en normalización lingüística están formalmente representadas.
- O excesivo control da SXPL sobre os órganos da Rede permítelle tomar as decisións que queira en nome de todos.
- Hai unha carencia total de recursos económicos e humanos para a Rede ao mesmo tempo que un drástico recorte orzamentario para a creación e mantemento de SNL, o que é incoherente e inviabiliza tecnicamente o proxecto.
- Os retrocesos lingüísticos en distintos ámbitos e o clima social desfavorable ao proceso de normalización lingüística impulsados desde o propio Goberno dificultan o proxecto.

No momento de realización desta análise descoñécese cales son os concellos que solicitaron formar parte desta Rede, e segundo declaracións realizadas polo titular da SXPL en comparecencia parlamentaria o 20 de abril de 2011 solicitaron a adhesión un total de 72 concellos, mais sen indicar cales.

Falta tamén por saber a dotación orzamentaria que se destinará ao funcionamento desta Rede, á que os orzamentos da Xunta para 2011 non lle dedican ningunha partida específica; ao igual que falta concretar outros aspectos relacionados coa formación e funcións dos/as técnicos/as que operarán nas entidades locais (lembramos que tamén realizarán funcións técnicas de dinamización lingüística técnicos/as ou persoal administrativo non especializado) ou como vai ser a xestión e coordinación das accións normalizadoras conxuntas; estas constitúen algunhas das grandes incógnitas para asegurar o seu funcionamento.

A CTNL, no informe citado antes, sinala que esta Rede podería ser minimamente válida se se desen as seguintes condicións:

- A Rede tería que ser unha ferramenta de traballo horizontal real entre os SNL; para isto, previamente, desde a Xunta teríase que fomentar de xeito decidido, e cos recursos necesarios, a estabilización dos SNL existentes e a creación doutros novos, preferentemente con equipos técnicos multidisciplinares e de ámbito comarcal. Só deste xeito a Rede poderá contar con unidades técnicas territoriais para poder desenvolver as accións normalizadoras axeitadas.

- Aos concellos que quixesen formar parte da Rede deberíaselles pedir unha serie de condicións lóxicas mínimas, como, por exemplo, contar cun SNL propio ou compartido; comprometerse formalmente a cumprir cos obxectivos e a desenvolver as accións sinaladas no Plan xeral de normalización da lingua galega; contar, no prazo de dous anos, cunha ordenanza ou regulamento de impulso do uso do galego; desenvolver programas que teñan como obxectivo o incremento do uso e prestixio da lingua galega etc.

- Non se poden confundir os medios cos obxectivos, e tense que ter claro que a dinamización lingüística é un dos medios para acadar o obxectivo da normalización lingüística.

- A Rede debería ser un proxecto inclusivo que contase con todas as entidades coas que ten que contar (como, por exemplo, Dirección Xeral de Administración Local, Fegamp, entidades con competencias lingüística etc.); ademais a Secretaría Xeral de Política Lingüística non pode ter un excesivo control sobre todos os órganos, e menos tomando as decisións en nome dos demais.

- Ten que estar dotada cos recursos económicos e humanos necesarios.

- Debe mudar a actitude da Xunta con respecto á lingua e teñen que cesar os pasos atrás no proceso de normalización lingüística desde a Administración autonómica.

2.4. O papel das deputacións

Á hora de analizar a función que en todo o proceso desenvolveron as deputacións provinciais, é fácil ver que salvo na Deputación da Coruña, caso que máis abaixo se describe máis polo miúdo, nas tres restantes non se unificaron obxectivos nin procedementos á hora de actuar e interactuar cos concellos en materia de normalización lingüística. A actuación dos servizos nos entes provinciais, aínda que existentes, nalgúns casos con boa dotación de persoal, é moi dispar; hai desde servizos que se dedican á corrección e tradución de textos e publicacións, a outros que realizan só labores de asesoramento interno dos entes provinciais. Destacable tamén é que, nas ordes de axudas a entidades locais convocadas pola SXPL correspondentes aos anos 2010 e 2011, quedaron excluídas do ámbito de aplicación as deputacións provinciais; non obstante, as catro deputacións galegas contaron no ano 2010 con apoio económico da SXPL en materia de dinamización lingüística, mediante cadanseu convenio de colaboración. Para este fin a SXPL dedicou durante o ano 2010 un total de 137 000 €.

A función de planificación, dinamización, colaboración e axuda que levou a cabo a Deputación da Coruña durante os últimos anos seguramente sexa un dos feitos de máis relevancia dentro da promoción da lingua no ámbito local no período analizado. Esta área da institución coruñesa ten realizado accións que pola súa relación co traballo dos SNL cómpre destacar.

Unha mostra do seu traballo é a creación do programa de cooperación cos concellos da provincia. Este programa está destinado a sufragar os custos do persoal dos servizos de normalización lingüística e foi publicado o 26 de setembro de 2008, coa intención de cumprir o sinalado no Plan xeral de normalización da lingua galega. Formalízase por medio de sinaturas de convenios plurianuais destinados á creación e mantemento de SNL nos concellos da provincia.

Destínanse cantidades moi importantes a esta tarefa, como os 624 800,00 € anuais durante o período que vai do ano 2009 ao 2011. A Deputación sufraga até un máximo de 12 000 € por anualidade e concello, agrupación ou mancomunidade se o SNL ten xornada completa, ou 6000 € se ten SNL a media xornada.

Esta subvención ten como obxectivo a contratación de persoal técnico para a creación ou mantemento dun SNL.

Entre os aspectos máis novos da Orde está o seu carácter plurianual, o feito de fixar ou lembrar as funcións mínimas que debe desempeñar o servizo de normalización, a categoría profesional do/a técnico/a que realice as súas tarefas profesionais e a creación de moitos servizos novos. Os servizos activos incrementáronse na Coruña, debido á colaboración da Deputación con até 43 municipios; nesta relación inclúense concellos con pouca poboación (algúns de menos de 3000 habitantes), que doutro xeito non poderían acceder a prestar este tipo de servizo.

A forte aposta da Deputación da Coruña, cun amplo investimento nesta área, constitúe un punto diferenciador con respecto ás demais deputacións e mesmo un posicionamento claramente distinto con respecto á política lingüística a nivel local.

Por outra banda, a Deputación da Coruña non abandonou o seu rol como ente do que provén actividade lingüística normalizadora. Serven de mostra outras iniciativas desde alí postas en marcha como o Encontro de Política Lingüística desde as Administracións Locais da Coruña para coordinar e impulsar o labor dos SNL, a colaboración cos SNL das universidades da Coruña e Santiago de Compostela, o Premio Rosalía de Castro a iniciativas normalizadoras, a Festa da Lingua e outras accións e campañas puntuais.

Ademais, este ente provincial é pioneiro, e até o de agora único, en convocar a primeira liña de subvencións para fomentar a normalización lingüística na Administración local (organización de campañas e mantemento e creación de SNL). As bases desta primeira convocatoria publicáronse no BOP da Coruña en outubro de 2004 e a resolución data de decembro dese mesmo ano. En setembro de 2005 renováronse estas subvencións durante un ano máis e a partir de outubro de 2006 (até a actualidade) estas axudas xestiónanse a través de convenios. En 2008, esta liña de axudas converteuse no programa de cooperación 2009-2011. Xa que logo, a Deputación da Coruña inflúe na creación e mantemento de SNL municipais desde o ano 2005 até a actualidade. Segundo os datos dos que dispón o CDSG, as axudas da Deputación da Coruña non só influíron no número de SNL creados anualmente, senón tamén no mantemento e estabilidade dos xa existentes.

Debemos considerar, por último, a crecente importancia que probablemente adquiran nun futuro próximo as mancomunidades e as áreas metropolitanas, asociacións de municipios que até o de agora mostran serias limitacións no seu funcionamento debido sobre todo ás diferenzas políticas entre os gobernos das distintas entidades que as forman. Porén, seguramente sexan os únicos modelos de organización e xestión municipal que axuden a superar a excesiva fragmentación que presenta a planta municipal galega, que parece pouco viable para a optimización dun funcionamento administrativo moderno, máis aínda coas circunstancias socioeconómicas que estamos a vivir e que probablemente sexan definitorias da forma de funcionamento e actuación nos próximos anos.

3. OS ELEMENTOS ESTRUTURAIS NA POLÍTICA LINGÜÍSTICA NO ÂMBITO LOCAL

Para desenvolver calquera tipo de política é necesario dispoñer dunha serie de instrumentos que faciliten o deseño, a posta en marcha e a avaliación, tanto das liñas que se van seguir como das accións que se executarán para acadar os fins marcados.

De entre todos os elementos que poden configurar a acción da política lingüística no ámbito local, neste apartado vanse recoller sete factores que se consideran fundamentais para analizar a política lingüística nos concellos galegos ao longo dos últimos anos:

- 1 A situación da área de política lingüística nas administracións locais
- 2 Os SNL
- 3 Os organismos de participación
- 4 As ordenanzas
- 5 Os plans de normalización lingüística
- 6 Os orzamentos
- 7 A coordinación

3.1. A área de política lingüística nas administracións locais

Un dos elementos estruturais que máis vai determinar a política lingüística dunha Administración local é a situación da área encargada de deseñar e desenvolver esa política dentro da estrutura orgánica municipal, tanto a nivel político como administrativo.

A situación dentro do organigrama político do Concello vai determinar en boa maneira as posibilidades de actuación transversal na política lingüística que pon en marcha a Administración local. Tal e como recolle a CTNL no informe *Recomendacións e mínimos que deben cumprir as convocatorias de postos de traballo para os servizos lingüísticos das administracións públicas galegas* (2006, p. 9): «[...] debe estar no organigrama naquel lugar no que poida intervir con maior efectividade en todos os ámbitos e/ou dependendo da estrutura política que teña maiores competencias para intervir transversalmente. No caso dos concellos propónse que [...] dependa dunha concellaría específica de Política Lingüística con carácter transversal, da Alcaldía ou, de non poder ser así, dunha concellaría de Política Lingüística compartida con outra que teña tamén carácter transversal e poida intervir en todos os ámbitos».

No seguinte cadro móstrase, como exemplo, a situación da área de política lingüística nos concellos das sete cidades:

A Coruña	O SNL do Concello da Coruña está enmarcado dentro do Servizo de Deportes e Mocidade, que pertence á Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística. Esta concellaría estaría enmarcada, pola súa vez, na Área de Cultura e Promoción Social
Ferrol	Está integrada na denominada Concellería de Participación Cidadá. Esta concellaría ten entre as súas competencias a Área de Normalización Lingüística
Lugo	O servizo depende da Área de Alcaldía
Ourense	Depende da Concellaría de Cultura, Festas, Festival de Cine e Normalización Lingüística
Pontevedra	A Concellaría de Normalización Lingüística conta con orzamentos independentes e xestiona o SNL. A pesar das competencias de NL estar delegadas na concellaría, o SNL depende organicamente da Alcaldía
Santiago de Compostela	Concellaría Delegada de Normalización Lingüística
Vigo	A Concellaría de Normalización, da cal depende o SNL, é concellaría propia dentro da Área de Igualdade, Mocidade e Normalización Lingüística (só porque as leva a mesma persoa). No plano administrativo, está en Réxime Interior

Chama a atención que, malia coincidiren moitos concellos na existencia dunha Concellaría de Normalización Lingüística, a situación é ben diferente duns casos a outros. Por exemplo, o Concello da Coruña ten unha Concellaría de Normalización Lingüística, Solidariedade e Mocidade, que se sitúa dentro da Área de Cultura e Promoción Social, pero a unidade técnica, o SNL, está dentro do Servizo de Deportes e Mocidade; esta situación pode restrinxir moito a área real de actuación no tocante á política lingüística, sobre todo en canto a actividades de dinamización da lingua.

Desde logo, non parece unha situación semellante á do Concello de Vigo, onde a Concellaría de Normalización Lingüística aparece agrupada con Igualdade e Mocidade só porque é a mesma persoa quen asume todas estas responsabilidades políticas; mais isto non significa que o SNL teña nada que ver administrativamente con Mocidade ou Igualdade, ben ao contrario, no plano administrativo pertence a Réxime Interior.

A pertenza a unha unidade central da Administración local, Réxime Interior no caso de Vigo ou Alcaldía no caso de Pontevedra ou Lugo, debería garantir unha maior transversalidade e permeabilidade a todas as áreas políticas e administrativas do Concello. Unha gran parte dos concellos galegos sitúan a responsabilidade da política lingüística directa, e simbolicamente, dentro da Alcaldía. Isto acontece en concellos de cidades como Lugo ou Pontevedra (aínda que neste caso hai Concellaría de Normalización Lingüística), en concellos de mediana poboación con vilas como Moaña ou Vilalba e tamén en pequenos concellos como Barreiros ou Malpica.

Outros concellos sitúan a política lingüística dentro de unidades de carácter moi administrativo, aínda que cunha posición central dentro da Administración. É o caso de Ribeira, que encadra a política lingüística dentro do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais, ou Val do Dubra, que a inclúe na Secretaría - Intervención.

A meirande parte das administracións locais contan con Concellaría de Normalización Lingüística, aínda que —coma nos casos da Coruña e Vigo— o seu grao de transversalidade e independencia doutras áreas varía moito duns concellos a outros. Realmente, a existencia dunha concellaría de Normalización Lingüística xa constitúe unha declaración de intencións en canto á visibilidade que se lle outorga ao deseño da política lingüística municipal.

Hai outras opcións, como a do Concello de Ferrol, que nesta última lexislatura encadrou a política lingüística dentro da Concellería de Participación Cidadá. Aínda que neste caso non se visibiliza nin se individualiza a etiqueta de «política lingüística», a inclusión nun departamento de ampla proxección como a participación cidadá pode ser unha oportunidade para incidir en calquera ámbito da sociedade para promover o uso da lingua: asociacionismo, sanidade, mocidade, tecnoloxías da información, ensino ou o comercio, entre outros ámbitos.

Porén, hai un grupo de concellos que presentan a área de política lingüística camuflada dentro doutras áreas que nin teñen unha posición central no organigrama político-administrativo, nin teñen posibilidade de acción transversal na sociedade, nin tan sequera anuncian no seu nome a intención de intervir no eido da lingua. Dentro deste grupo atopamos, por exemplo, o Concello do Carballiño, que insire a política lingüística dentro da Área de Educación, Cultura e Xuventude, ou os concellos de Vilagarcía de Arousa e da Cañiza, nos que a política lingüística está restrinxida a cadansúa concellaría de Cultura.

3.2. Os servizos de normalización lingüística

Para desenvolveren e implementaren as súas políticas en calquera ámbito, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo, para desenvolveren as políticas culturais teñen departamentos de cultura, para desenvolveren as políticas sociais crean departamentos de servizos sociais... E no ámbito da política lingüística eses departamentos técnicos son os SNL.

Os servizos de normalización lingüística comezaron a constituírse en Galicia a raíz da Lei de normalización lingüística (1983), da creación da Asociación de Funcionarios/as pola Normalización Lingüística (1984), da Asemblea de Alcaldes de Compostela (1984), da Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais (1988) e da primeira convocatoria de subvención para corporacións locais para a creación de servizos de normalización lingüística municipais (1991).

3.2.1. Definición e funcións

Despois de preto de trinta anos desde a creación dos primeiros SNL, aínda hoxe non están ben definidos, non teñen unhas funcións nin un status común, non se crean do mesmo xeito nin para os mesmos fins, non están minimamente coordinados etc.

De todos os xeitos, nos últimos anos si que se avanzou algo na definición de funcións, sobre todo a partir da proposta feita pola CTNL. En termos xerais, esta proposta tense en conta desde 2008 nos convenios asinados pola Deputación da Coruña cos concellos para o mantemento dos SNL e, tamén en termos xerais, tena en conta a Xunta de Galicia desde 2010, na convocatoria de subvencións para a creación e mantemento de SNL.

Aínda que nalgúns concellos estes departamentos técnicos son utilizados para cousas diversas, os criterios marcados desde a Deputación da Coruña e desde a Xunta para a colaboración no financiamento, de acordo coa proposta da CTNL, son asumidos pola maioría dos concellos, cando menos na teoría. Estes criterios baséanse en que os SNL deben ter como obxectivo principal incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos do municipio, para o que deben desenvolver as seguintes funcións:

- Funcións xerais internas: asesorar a Administración en todo o relacionado coa política lingüística, velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística etc.
- Dinamización lingüística: planificar, xestionar e avaliar programas, accións, campañas, liñas de información e axuda etc. para a promoción da lingua no conxunto da cidadanía.

- Formación (socio)lingüística: planificación, xestión e difusión de programas de formación, difusión de materiais (recursos lingüísticos, lexislación...) etc.
- Asesoramento lingüístico: mellora da calidade lingüística e comunicativa da organización, resolución de dúbidas, apoio para o uso do galego etc.

3.2.2. Distribución xeográfica e poboación dos SNL

Todos os datos sinalados neste apartado proceden do CDSG e da súa base de datos, actualizada en abril de 2011. A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia sinalou que non concorda con estas cifras e que posúe outras distintas (que descoñecemos no momento da redacción deste informe).

Na actualidade, e segundo datos do CDSG, dos 315 concellos galegos, contan con SNL só 69.

Cadro de concellos con SNL

Concello	Provincia	Denominación do servizo ¹	Poboación	
			municipio ²	Goberno ³
Concello de Vigo	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	297 124	PSOE-BNG
Concello da Coruña	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	246 047	PSOE-BNG
Concello de Ourense	Ourense	Servizo de Normalización Lingüística	108 673	PSOE-BNG
Concello de Lugo	Lugo	Gabinete de Normalización Lingüística	97 635	PSOE
Concello de Santiago de Compostela	A Coruña	Departamento de Lingua Galega	94 824	PSOE-BNG
Concello de Pontevedra	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	81 981	BNG-PSOE
Concello de Ferrol	A Coruña	Gabinete de Normalización Lingüística	73 638	PSOE
Concello de Narón	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	38 285	TG
Concello de Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	37 926	PSOE-BNG
Concello de Oleiros	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	33 550	Ind.
Concello de Carballo	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	31 149	BNG-PSOE
Concello de Arteixo	A Coruña	Departamento de Normalización Lingüística	30 255	PSOE-TG
Concello de Redondela	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	30 067	PSOE-BNG
Concello de Culleredo	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	28 737	PSOE-BNG
Concello de Ames	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	27 900	PSOE
Concello de Ribeira	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	27 504	PP
Concello de Pontearreas	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	23 316	PP-Ind.
Concello da Estrada	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	21 828	PSOE-BNG
Concello de Monforte de Lemos	Lugo	Servizo de Normalización Lingüística	19 638	BNG
Concello de Moaña	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	19 231	BNG-PSOE
Concello de Boiro	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	19 076	BNG-PSOE
Concello de Teo	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	17 940	BNG
Concello de Poio	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	16 309	BNG-PSOE

Concello	Provincia	Denominación do servizo¹	Poboación municipio²	Goberno³
Concello de Vilalba	Lugo	Departamento de Normalización Lingüística	15 327	PP
Concello do Carballiño	Ourense	Servizo de Normalización Lingüística	14 136	PSOE-BNG
Concello do Barco de Valdeorras	Ourense	Servizo de Dinamización Cultural e da Lingua	14 134	PSOE
Concello de Betanzos	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	13 673	PP
Concello das Pontes de García Rodríguez	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	11 336	PSOE
Concello do Grove	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	11 297	PSOE-BNG-PG
Concello de Santa Comba	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	10 408	Ind.
Concello de Ribadeo	Lugo	Servizo de Normalización Lingüística	9988	BNG
Concello de Muros	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	9704	BNG-PP
Concello de Pontedeume	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	8370	PP
Concello de Melide	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	7838	BNG-PSOE
Concello de Cee	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	7818	Ind.
Concello de Outes	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	7313	PP
Concello de Oroso	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	7050	PSOE-BNG
Concello da Cañiza	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	6517	PP
Concello de Arzúa	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	6409	BNG
Concello de Ponteceso	A Coruña	Departamento de Tradución	6215	PP
Concello de Malpica de Bergantiños	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	6178	PSOE
Concello de Valga	Pontevedra	Servizo de Normalización Lingüística	6127	PP
Concello de Carral	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	5945	PP
Concello de Abegondo	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	5765	PP-PSOE
Concello de Miño	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	5628	PP
Concello de Cerceda	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	5486	PSOE
Concello de Zas	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	5295	BNG-TG
Concello de Vedra	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	5052	PSOE
Concello de Fisterra	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4995	PP
Concello de Rois	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4936	PP
Concello de Cabana de Bergantiños	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4909	PP
Concello de Carnota	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4904	PP
Concello de Cervo	Lugo	Servizo de Normalización Lingüística	4595	PP
Concello de Cariño	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4530	PSOE-BNG
Concello de Boqueixón	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4444	PP
Concello de Val do Dubra	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4386	PP
Concello da Baña	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	4320	PP
Concello de Dumbría	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	3705	PSOE
Concello de Palas de Rei	Lugo	Servizo de Normalización Lingüística	3643	PP
Concello de Barreiros	Lugo	Servizo de Normalización Lingüística	3203	PP

Concello	Provincia	Denominación do servizo ¹	Poboación municipio ²	Goberno ³
Concello de San Sadurniño	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	3098	BNG-PSOE
Concello de Dodro	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	3017	PSOE-BNG
Concello da Lama	Pontevedra	Servizo de Tradución	2966	PP
Concello de Mesía	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	2918	PSOE
Concello de Boimorto	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	2271	PSOE
Concello de Monfero	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	2239	PSOE
Concello de Aranga	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	2126	PP
Concello de Santiso	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	1930	PP
Concello de Vilasantar	A Coruña	Servizo de Normalización Lingüística	1406	BNG

1. Os datos da existencia de servizo de normalización lingüística e a denominación de cada un foron facilitados polo CDSG, do Consello da Cultura Galega.

2. Os datos de poboación foron tirados do Padrón municipal de habitantes con data do 1/1/2011, no web do Instituto Galego de Estatística (www.ige.eu).

3. Goberno no momento de realización do informe (abril de 2011). Nos casos en que no goberno está máis dun partido, o que figura no cadro de primeiro é ao que pertence o alcalde ou a alcaldesa.


As siglas utilizadas son:

- BNG: Bloque Nacionalista Galego
- Ind.: Independente
- PG: Partido Galeguista
- PP: Partido Popular
- PSOE: Partido Socialista Obrero Español - Partido Socialista de Galicia
- TG: Terra Galega

Nes 69 concellos que contan con SNL habitan 1 710 183 persoas, o que supón o 61,20% da poboación galega. Isto é, segundo estes datos, os SNL teñen capacidade de intervención sobre a maioría da poboación do noso país.

Poboación total que vive en concellos con SNL	1 710 183	61,20%
Poboación total de Galicia	2 794 516	100,00%

Datos de SNL sobre a poboación



Os datos de poboación foron tirados do Padrón Municipal de Habitantes con data do 1/1/2011, no web do Instituto Galego de Estatística (www.ige.eu).

As diferenzas que se dan entre provincias son moitas, pois máis de dous terzos deses 69 concellos están na provincia da Coruña (47), debido ao apoio planificado por parte da Deputación para o mantemento destes.

Nos 47 concellos da provincia da Coruña que contan con SNL habita o 75,41% da poboación.

A Coruña

Poboación da Coruña que vive en concellos con SNL	864 522	75,41%
Poboación total da Coruña	1 146 458	100,00%
Número de concellos con SNL	47	
Número total de concellos	94	


A CORUÑA

94 concellos


1 129 141 hab.

47 concellos con servizo

824 535 hab.



% Poboación afectada



Dos 67 concellos de Lugo, só 7 teñen SNL, mais neses habita o 43,57% da poboación da provincia.


Lugo

Poboación de Lugo que vive en concellos con SNL	154 029	43,57%
Poboación total de Lugo	353 504	100,00%
Número de concellos con SNL	7	
Número total de concellos	67	


LUGO

67 concellos
353 504 hab.

7 concellos con servizo
154 029 hab.



% Poboación afectada



En Ourense a situación é semellante. Dos 92 concellos, só en 3 hai SNL, mais eses tres representan o 40,85% da poboación ourensá.

Ourense

Poboación de Ourense que vive en concellos con SNL	136 943	40,85%
Poboación total de Ourense	335 219	100,00%
Número de concellos con SNL	3	
Número total de concellos	92	


OURENSE

92 concellos
335 219 hab.

3 concellos con servizo
136 943 hab.



% Poboación afectada



E, en Pontevedra, a situación é mellor que a de Lugo e Ourense, mais está lonxe da da Coruña. Dos 62 concellos, 12 teñen SNL, e neles vive o 57,63% da poboación.

Pontevedra

Poboación de Pontevedra que vive en concellos con SNL	554 689	57,63%
Poboación total de Pontevedra	962 472	100,00%
Número de concellos con SNL	12	
Número total de concellos	62	


PONTEVEDRA

62 concellos


962 472 hab.

12 concellos con servizo

554 689 hab.



% Poboación afectada

**3.2.3 Os SNL segundo a cor política**


Con respecto á distribución dos SNL segundo a cor política, hai SNL en 27 concellos en que goberna ou cogoberna o BNG, dos cales en 14 esta organización ten a Alcaldía. En concellos en que goberna ou cogoberna o PP hai 26 SNL, dos cales este partido está na Alcaldía en 25. En municipios gobernados ou cogobernados polo PSOE hai 34 SNL, dos cales a Alcaldía é socialista en 26. Ademais, hai 3 concellos con SNL con Alcaldía dunha organización independente e 1 de Terra Galega.

Se temos en conta o número de alcaldías que ten cada unha das organizacións políticas maioritarias, teñen SNL menos do 15% dos concellos do PP, arredor do 20% dos concellos do PSOE e preto do 50% dos concellos do BNG.

Concellos con SNL segundo o partido da Alcaldía

Alcaldía	N.º concellos con SNL
BNG	14
Só BNG	5
BNG+PP	1
BNG+PSOE	7
BNG+TG	1
Ind.	3
PP	25
Só PP	23
PP+Ind.	1
PP+PSOE	1
PSOE	26
Só PSOE	12
PSOE+BNG	13
PSOE+TG	1
TG	1
TOTAL	69


Partidos na Alcaldía. Número e porcentaxe de concellos con SNL




Concellos con SNL segundo a organización que está no goberno

Organización que forma parte do goberno	N.º de concellos con SNL
BNG	27
Independente	4
PP	26
PSOE	34
TG	3

Partidos no goberno. Número e porcentaxe de concellos con SNL



Porcentaxe de concellos con SNL en relación aos concellos que gobernan os partidos (Alcaldía)



3.2.4. Denominación dos servizos

Con respecto á denominación oficial que adoptan estes departamentos, a gran maioría denomínanse Servizo de Normalización Lingüística (61 de 69, o que supón o 88,41%), mentres o resto de denominacións son totalmente minoritarias, de maneira que só adoptan un ou dous concellos cada unha delas. Resulta curioso que a denominación Servizo Lingüístico, a utilizada desde hai dous anos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta na convocatoria de subvencións e noutras accións, non é utilizada por ningún concello en todo o país.

Denominación	Número	Porcentaxe
Departamento de Lingua Galega	1	1,45%
Departamento de Normalización Lingüística	2	2,90%
Departamento de Tradución	1	1,45%
Gabinete de Normalización Lingüística	2	2,90%
Servizo de Dinamización Cultural e da Lingua	1	1,45%
Servizo de Normalización Lingüística	61	88,41%
Servizo de Tradución	1	1,45%
Servizo Lingüístico	0	0%
TOTAL	69	100%

3.3. Os organismos de participación

Unha das premisas das que debe partir toda política lingüística é que a súa efectividade vai depender da implicación dos distintos axentes que activan a sociedade e actúan nela. Unha política lingüística concibida de arriba cara a abaixo, é dicir, desde a Administración cara á sociedade, ten moitas menos oportunidades de éxito na súa execución que a política lingüística consensuada e feita á medida da sociedade, contando coa súa implicación.

Entre os órganos de participación e asesoramento que funcionan para activar a política lingüística cómpre diferenciar dous tipos:

- Órganos de participación e asesoramento externos á propia Administración municipal, como os consellos municipais ou sociais da lingua ou as comisións cidadás de normalización lingüística. Están integrados por persoas que representan asociacións, organismos ou entidades con presenza social; nalgún caso estes organismos

están integrados só por entidades e asociacións cuxos obxectivos de funcionamento centrais son a normalización da lingua.

- Órganos de participación e asesoramento internos. Están formados exclusivamente por membros políticos, técnicos ou representantes sindicais que pertencen á propia Administración local. Estes órganos reciben case sempre o nome de Comisión de Seguimento da Ordenanza de Normalización Lingüística.

3.3.1. *Nos concellos das cidades*

O Concello de Ferrol conta cun órgano externo de participación, o Consello Municipal da Lingua (CML) e mais cun órgano externo: a Comisión Interdepartamental de Seguimento da Ordenanza de Normalización Lingüística (COSNOL).

1. O Consello Municipal da Lingua do Concello de Ferrol defínese como o órgano de participación cidadá para a consulta, seguimento, información e proposta na xestión municipal na área de Normalización Lingüística. Está constituído por 21 persoas, representantes de distintos sectores da sociedade ferrolá e propostas polas entidades máis significativas do tecido asociativo do concello. Hai cinco membros que son propostos polos grupos políticos.

O regulamento de funcionamento establece 4 reunións cada ano. As xuntanzas dos primeiros anos de cada lexislatura resultan moi activas, aínda que o funcionamento do Consello vai esmorecendo na segunda parte da lexislatura.

O Consello Municipal da Lingua do Concello de Ferrol acordou a comezos desta lexislatura impulsar o desenvolvemento do Plan de normalización lingüística (PNL), documento marco do que dispón Ferrol en materia de política lingüística. Este Consello funciona en dous grupos, aos que se suman outras persoas que participaron no seu momento na elaboración do PNL; un grupo corresponde ao sector sociocultural e outro ao sector socioeconómico. Este último propuxo varios ámbitos como prioritarios para os anos 2009-2010, un deles é o dos mercados municipais, ademais dos centros comerciais abertos e os servizos funerarios.

A composición do Consello Municipal da Lingua responde ao seguinte organigrama:

a) O Presidente, que é o alcalde/alcaldesa ou a persoa en quen delegar.

b) Vogais:

- 1 representante de cada un dos grupos políticos representados na Corporación
- 1 representante do ensino universitario
- 1 representante do ensino non universitario
- 1 representante das entidades asociativas en defensa do idioma
- 1 representante das entidades asociativas veciñais rurais
- 1 representante das entidades asociativas veciñais urbanas
- 1 representante das entidades asociativas xuvenís
- 1 representante das organizacións sindicais
- 1 representante do mundo dos medios de comunicación
- 2 representantes do empresariado, comercio e profesionais
- 5 persoas representativas designadas polo Concello Pleno

c) Secretario/a, que é o da Corporación ou ben o/a funcionario/a en quen delegar.

2. A Comisión Interdepartamental de Seguimento da Ordenanza de Normalización Lingüística. Este órgano de asesoramento aparece regulado na Ordenanza de normalización lingüística (ONL) no que se refire á súa composición, ás sesións e ás funcións básicas.

Segundo a Ordenanza de normalización lingüística, a Comisión estará integrada, como mínimo, polo alcalde,

o secretario xeral, o xefe de persoal, a persoa responsable do Servizo de Normalización Lingüística, un concelleiro ou concelleira designado/a por cada grupo municipal, un representante do Comité de Empresa e outro da Xunta de Persoal.

Porén, esta comisión non se creou até que comezou a elaboración do Plan de normalización lingüística, co obxectivo de cumprir non só os fins que lle asignaba a propia ordenanza senón tamén de actuar como grupo de representación do funcionariado na redacción do plan.

Durante a lexislatura 2003-2007, estivo 4 anos sen se convocar. Volveuse convocar no ano 2007, coincidindo co cambio de goberno municipal, pero centrouse moito no deseño das probas de acceso aos postos de traballo da Administración. Coa reforma da Lei da función pública, do ano 2009, esta comisión deixou de funcionar.

O Concello de Santiago de Compostela conta cun Consello Municipal de Normalización Lingüística. É un órgano de participación que ten como finalidade promover o diálogo social sobre a política lingüística. Neste marco, a representación de diversos sectores sociais e da propia Corporación poden debater as propostas que formula o goberno municipal ou que chegan da sociedade, contribuíndo a asesorar e dirixir a actuación municipal. Este órgano facilita tamén a transmisión das propostas á sociedade á que van dirixidas.

Está composto por un membro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación, ademais dos representantes sociais designados polos outros consellos municipais e das seguintes institucións, organizacións ou sectores sociais: Secretaría Xeral de Política Lingüística, Universidade de Santiago, organizacións en defensa da lingua, organizacións empresariais, sindicatos, ensino, asociacións culturais, xuvenís e veciñais.

O seu funcionamento, na actualidade, é moi irregular, en parte pola rixidez do seu regulamento, que o fai moi pouco operativo nas renovacións e nas posibilidades de consecución dos obxectivos marcados. A falta de constancia nas convocatorias de xuntanzas tampouco axuda a obter uns bos resultados.

O Concello de Vigo mantén activos dous organismos de participación externa: unha Comisión Cidadá de Normalización Lingüística e un Consello Social da Lingua.

A Comisión Cidadá de Normalización Lingüística está formada por representantes de entidades que traballan pola normalización da lingua, así como por representantes do persoal do Concello e dos partidos políticos con representación cidadá. Ten establecidas 3 xuntanzas fixas ao ano, pero os membros poden solicitar convocatorias extraordinarias.

O Consello Social da Lingua está integrado polas forzas vivas da cidade. Ten 2 xuntanzas fixas ao ano. No seu funcionamento como órgano é pouco dinámico, en parte pola parálise e falta de propostas dos membros que o integran, aínda que lle favorece que a Concellaría de Normalización Lingüística manteña relacións moi activas con algúns dos integrantes, que se materializan en distintas actividades e iniciativas a prol da lingua.

O Concello de Pontevedra conta cun órgano de participación interno: a Comisión de Seguimento da Ordenanza, con representantes políticos, sindicais e de distintas áreas do Concello. É un órgano consultivo, que pode emitir informes e recomendacións, mais sen capacidade de execución.

Tamén está activo un órgano externo que non conta con ningún regulamento de funcionamento: a Rede de Entidades Amigas da Lingua (REAL), na que participan distintas entidades sociais, persoas, asociacións e empresas do concello.

Os concellos da Coruña, Ourense e Lugo non contan con ningún tipo de organismo de participación establecido. Os casos da Coruña e Ourense poden explicarse porque desenvolven política lingüística activa desde o ano 2007. Chama a atención o caso do Concello de Lugo, que aínda que ten un dos servizos que leva máis tempo a funcionar, desde 1997, non implementou ningún organismo de participación, nin interno nin externo.

3.3.2. *Nos concellos medianos e pequenos*

Nas vilas, a participación non está tan estruturada, polo xeral, como nas cidades. Chaman a atención algúns casos illados:

No Concello de Vilagarcía de Arousa funciona un Consello de Normalización Lingüística (incluído dentro do Regulamento do SNL).

O SNL do Concello de Melide está integrado na Asociación Cultural de Normalización Lingüística Terra de Melide, formada polos concellos e centros de ensino da bisbarra.

O Concello de Vilalba, ademais de traballar estreitamente no proceso de dinamización, principalmente coas áreas de cultura e deportes, está integrado desde decembro de 2010 na Rede de Dinamización que promove a Secretaría Xeral de Política Lingüística; aínda que esta rede non está en funcionamento e, polo de agora, non pode ser considerada un organismo de participación social.

Nos concellos pequenos non hai constancia do funcionamento de organismos de participación social para a política lingüística.

En xeral, en gran parte dos concellos que desenvolven política lingüística activa, hai redes informais de participación nesta que traballan sen o formalismo de protocolos, regulamentos de funcionamento, admisión e renovación de membros establecidos con anterioridade. Normalmente tamén hai por todo o territorio redes informais de coordinación con asociacións de distinto tipo: veciñais, culturais, deportivas ou de defensa da lingua. Tamén adoitan funcionar, desde as áreas de política lingüística, as relacións cos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino do concello.

3.4. As ordenanzas

As ordenanzas ou regulamentos son a principal norma da que un concello se pode dotar para regular determinadas accións que teñan repercusión na acción directa da Administración local; neste sentido, a súa existencia ten unha importancia transcendental nas múltiples funcións que unha entidade local pode desenvolver en materia de aplicación da regulamentación existente, á hora de fixar o seu funcionamento interno e externo.

Este apartado, por razóns de espazo e capacidade, refírese exclusivamente ás ordenanzas que regulan o uso da lingua nos concellos, aínda que poderían ser obxecto de estudo tamén aquelas outras que, sen ter contido e finalidades lingüísticas, si afectan transversalmente ao emprego da lingua nos distintos ámbitos do funcionamento dos municipios. Por citar algúns exemplos, referirémonos a ordenanzas fiscais que fixan descontos impositivos por emprego do galego, ordenanzas que noutras áreas de goberno —como medio natural ou servizos sociais— establecen o uso do galego como vehicular dos actos levados a cabo polo municipio etc. Non constitúen, polo tanto, un corpus pechado os documentos que deseguido se relacionan, aínda que si o máis importante e específico do conxunto de documentos aos que aquí nos referimos.

Na actualidade, en Galicia, existen varios modelos de regulamentos municipais de uso do galego, que foron tidos en conta por algúns concellos, mais que nos últimos anos se actualizaron moito na práctica, pasando de seren regulamentos de uso do galego a ordenanzas de impulso do proceso normalizador:

- Até o ano 1994 moitos concellos seguiron o modelo da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.
- A partir de 1994 seguíronse, sobre todo, dous modelos, que ás veces se mesturan en novas propostas:
 - O modelo publicado no *Manual para cargos públicos sobre o uso do galego nas corporacións locais*.

- O modelo de regulamento municipal de uso do galego, elaborado por Xaquín Monteagudo Romero con motivo dos VI Encontros para a Normalización Lingüística, realizados en Santiago de Compostela os días 14 e 15 de outubro de 2002.

Seguidamente, relacionamos os regulamentos e/ou ordenanzas que foron aprobados nos concellos galegos até a actualidade (segundo os datos que obran no CDSG). Faise precisa a aclaración de que o partido que figura no apartado de «Alcaldía» é o que preside este órgano (ás veces en gobernos de coalición) na data de emisión deste informe, que nalgúns casos non cadra co partido político gobernante no momento en que se aprobou a ordenanza ou regulamento.

A Coruña

Data	Concello	Denominación	Alcaldía
1989	Santiago de Compostela	Regulamento de uso do galego na Administración municipal de Santiago de Compostela	PSOE
1990	Concello de Teo	Acordo plenario [Non se trata dunha ordenanza. É un acordo plenario no que se aproba que o Concello empregará o idioma galego en todos os documentos que xere]	BNG
1992	Concello de Fene	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE
1997	Concello de Ferrol	Ordenanza municipal de normalización lingüística	PSOE
1997	Concello de Arteixo	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE
2000	Concello de Santiago	Regulamento do Consello de Normalización Lingüística	PSOE
2001	Concello de Melide	Ordenanza municipal de normalización lingüística	BNG
2001	Concello de Muros	Regulamento municipal do uso do galego	BNG
2003	Concello de Sada	Ordenanza municipal de normalización lingüística	BNG
2003	Concello de Val do Dubra	Ordenanza municipal de normalización lingüística	PP
2004	Concello de Oleiros	Regulamento do uso do galego na Administración municipal de Oleiros, 1998 (en 2004 aprobaron a ordenanza)	AV (ind.)
2004	Concello de Mugardos	Regulamento municipal do uso do galego	BNG
2004	Concello de Pontedeume	Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Pontedeume	PP
2005	Concello de Cambre	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE
2006	Concello de Corcubión	Regulamento municipal de uso do idioma galego na Administración municipal de Corcubión	PSOE
2006	Concello de Ames	Ordenanza de impulso do uso do galego	PSOE
2006	Concello das Pontes de García Rodríguez	Ordenanza municipal de normalización lingüística	PSOE
2006	Concello do Porto do Son	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE
2008	Concello de Cedeira	Regulamento do uso do galego	PSOE
2008	Concello de San Sadurniño	Ordenanza de normalización lingüística	BNG
2008	Concello de Padrón	Regulamento do uso do galego na Administración municipal	PSOE
2008	Concello de Ferrol	Regulamento interno do Consello Municipal da Lingua	PSOE
2009	Concello de Cambre	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE

Lugo

Data	Concello	Denominación	Goberno
2000	Concello de Lugo	Regulamento do uso do galego na Administración municipal de Lugo	PSOE
2004	Concello de Ribadeo	Ordenanza de uso do galego na Administración municipal	BNG

Ourense

Data	Concello	Denominación	Goberno
1998	Concello de Ourense	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE
1998	Concello do Carballiño	Ordenanza municipal de normalización lingüística	PSOE
2008	Concello de Carballeda de Avia	Regulamento municipal de uso do galego	PSOE

Pontevedra


Data	Concello	Denominación	Goberno
1989	Concello de Vigo	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE
1989	Deputación de Pontevedra	Ordenanza de normalización lingüística	PP
1996	Concello de Moaña	Regulamento orgánico municipal, 1996 (Nos art. 27, 38, 39 e 40 fala da NL). Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Moaña, 2005	BNG
1998	Concello de Redondela	Ordenanza reguladora do uso do galego	PSOE
1998	Concello de Soutomaior	Ordenanza reguladora do uso do galego	PP
1998	Concello da Estrada	Ordenanza reguladora do uso do galego	PSOE
1999	Concello de Cangas	Ordenanza reguladora do uso do galego	BNG
2004	Concello de Pontevedra	Ordenanza de impulso do uso do galego	BNG
2005	Concello de Vigo	Regulamento do Consello Social da Lingua Galega	PSOE
2005	Concello de Mos	Ordenanza de uso do galego na Administración municipal	Ind.
2006	Concello de Salvaterra de Miño	Ordenanza de normalización lingüística	PP
2007	Concello de Marín	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE
2009	Concello de Cuntis	Ordenanza de normalización lingüística	PSOE

Observamos —despois dunha rápida comparativa— o gran déficit deste tipo de regulamentacións, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo. Por outro lado, é notable o aínda baixo incremento do número de regulamentos aprobados nos concellos galegos neste último período, concretamente 8, cun total de 37 regulamentos en vigor, polo que parece evidente a necesidade de mellorar neste eido e incorporar planificación específica que induza á redacción e aprobación nos 315 concellos galegos.


Outro dato especialmente relevante é a non aprobación de ningún regulamento ao longo do ano 2010 nin nos primeiros catro meses de 2011 transcorridos antes da elaboración deste informe. Aínda que de momento carezamos da necesaria perspectiva temporal que unha análise deste tipo esixe, pódese avanzar que a ruptura do con-

senso das distintas forzas políticas en materia de lingua que tivo lugar a raíz da aprobación dos decretos 124/2006 e 79/2010, pero especialmente este último, limita en boa medida unha das premisas que até o de agora foi indisociable da regulamentación en materia lingüística municipal, o consenso e polo tanto a aprobación unánime destas normas.

Partidos na Alcaldía. Disposición de ordenanzas municipais



Porcentaxe de concellos con ordenanza en relación aos concellos que gobernan os partidos (alcaldías)



3.5. Os plans para a normalización lingüística

Os plans para a normalización lingüística están concibidos como instrumentos para a articulación e o impulso das accións de fomento do uso social do idioma que desenvolven na Administración local o inicialmente estipulado no PXNLG aprobado en 2004. Son, pois, un guieiro que establece un marco de intervención que non esgota as posibilidades de acción e que debe ser interpretado de forma flexible, adaptándose sempre ás necesidades cambiantes e aos novos retos derivados do cumprimento dos obxectivos que neles se conteñen.

Á falta dun estudo máis completo que nos planos analítico e comparativo trate sobre os seus contidos, neles concíbese a normalización lingüística como unha aposta transversal dos distintos concellos que os aprobaron, polo que os obxectivos dos plans, en canto institucionais, deben ser asumidos polo conxunto dos departamentos da Administración municipal.

Como novidades principais destacan a implicación e coordinación que imprimen á acción da Administración local con outros entes, non só na procura dunha implicación por parte das distintas entidades públicas no seu desenvolvemento. Nesta lóxica coordinativa, considéranse centrais, entre outros, os seguintes puntos:

1. Achegar ás administracións públicas responsables as propostas destes documentos recollidas de cara á definición de estratexias de acción conxunta e na procura de sinerxías, así como transmitir a necesidade do cumprimento da lexislación en materia lingüística.

2. Apoiar as propostas de promoción do uso da lingua que proveñan das distintas entidades sociais, entendéndoo nun sentido amplo, tanto de natureza pública como privada, pois todas elas se definen como actores fundamentais do proceso de normalización lingüística.

3. Os plans de normalización lingüística teñen en conta non só a súa área de influencia urbana e comarcal, senón tamén a vontade de colaboración institucional para unha actuación integrada con outros concellos e entidades galegas, tamén do ámbito lingüístico galego-portugués.

4. Establecen un marco planificador e flexible; trátase polo tanto de documentos suxeitos a revisións e actualizacións. A figura do plan de normalización móstrase moi útil á hora de abordar eidos moi específicos da sociedade que experimentan mutacións en prazos de tempo moi breves, como poden ser os relacionados coas novas tecnoloxías, mocidade, sectores económicos ou os servizos sociais (inmigración, igualdade etc.).

5. Para dar cumprimento aos principios máis arriba sinalados, e pola propia natureza do ámbito de actuación destes plans, propician a constitución de órganos e redes que difunden e facilitan o labor normalizador, especialmente sensible nas grandes cidades.

Até a actualidade só hai catro plans de normalización lingüística aprobados no ámbito municipal que se corresponden cos seguintes:

Plan de dinamización lingüística do Concello de Vigo

O Concello de Vigo aprobou en abril de 2000 o Regulamento de funcionamento da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, órgano de participación e espazo de traballo onde se lles dá cabida ás entidades e colectivos (representación de entidades que traballan pola normalización e dos representantes do persoal do Concello e partidos políticos) que veñen desenvolvendo un labor de fomento da lingua nos distintos espazos da sociedade. Ao tempo, o Consello Social da Lingua, cuxa constitución foi aprobada polo Pleno municipal en decembro de 2004, é o órgano que o Concello ten para o asesoramento, a consulta e a participación na política lingüística.

Pivotando sobre estes dous órganos como garantes da participación cidadá e das distintas entidades, este Plan móstrase especialmente definido nas súas funcións, que se deberán apoiar entre elas, e nos seus obxectivos.

Funcións:

- A necesidade do coñecemento para a intervención. O deseño de estratexias de intervención debe partir do diagnóstico da realidade en que actuamos. O feito de contar cun diagnóstico sobre a situación da lingua galega, de maneira global e nos distintos sectores socio-estruturais do concello, permitirá establecer os obxectivos e futuras actuacións que se pretendan desenvolver no eido da normalización lingüística.

- Construír un coñecemento que poida servir como fundamento dunha potencial intervención, que sexa susceptible de ser utilizada por aqueles axentes que queiran promover a normalización lingüística a escala municipal. O proceso de elaboración do plan parte das análises feitas con anterioridade e tira proveito operativo destes traballos na planificación; nomeadamente, do Estudo sociolingüístico sobre o uso da lingua galega no Concello de Vigo, que constitúe unha das súas principais bases sobre a que iniciar as reflexións.

- Marcar as liñas estratéxicas da actuación municipal. Establece como función básica da planificación a de ordenar as accións dunha Administración pública nun sector; neste caso, tería unha dimensión máis ambiciosa,

dado que o Concello pretende actuar tamén como catalizador das distintas intervencións normalizadoras —públicas ou privadas— no ámbito municipal.

Manifesta así mesmo a necesidade de que os actores sociais centrais do ámbito municipal se comprometan no proceso. Parte da base de que a normalización é un proceso social, no que cómpre a corresponsabilidade dos actores centrais.

Obxectivos:

- Que o Plan de dinamización lingüística de Vigo fixe os obxectivos e liñas de acción nos próximos anos dirixido á promoción da lingua galega.
- Xerar un proceso social para a elaboración do plan que permita consensuar socialmente as actuacións, corresponsabilizando a sociedade no proceso de normalización e tecendo as redes que faciliten a súa implementación posterior.

Plan de normalización lingüística do Concello de Santiago

Este documento recolle unha moi interesante dimensión propositiva, considerando o conxunto da planificación como un sistema e definindo niveis sucesivos de concreción nas súas propostas; partindo do máis xenérico ao máis operativo, do máis global ao máis específico.

Para o conxunto dos sectores:

- Obxectivos xerais: establecen as finalidades últimas do PNL a longo prazo.
- Directrices estratéxicas: sinalan as recomendacións que afectan de forma conxunta e transversalmente ao conxunto do PNL, indican como deben desenvolverse as súas accións.

Para cada sector, en función do tipo e relación dos problemas focais, identifícanse áreas; dimensións da realidade sobre as que se pretende centrar a actuación e que permiten ordenar os obxectivos.

Para cada área establécense obxectivos; efectos xenéricos que, a medio prazo, supoñan unha alternativa de mellora ou solución aos problemas focais.

Para cada obxectivo:

- Liñas específicas de acción: que, ao mesmo tempo que marcan vías e orientacións de acción, identifican efectos específicos que se entenden como necesarios para cumprir o obxectivo (poden considerarse como obxectivos dun nivel inferior).
- Medidas: accións concretas que, secuenciadas, dotan de contido as liñas de acción.

O Concello de Santiago ten constituído o Consello Municipal de Normalización Lingüística, que se define como un actor central no impulso e desenvolvemento do Plan como principal espazo de diálogo e implicación social nesta materia en Santiago. Procúrase implicar, tamén, o resto dos órganos de participación do Concello (nomeadamente os consellos municipais sectoriais) co ánimo de xerar o maior consenso posible na sociedade. Considérase este Consello Municipal de Normalización Lingüística como o principal responsable do seguimento do Plan e, polo tanto, o garante do seu desenvolvemento.

É especialmente destacable a prioridade que lle dá este PNL ao capital relacional xerado na súa elaboración, e chega a establecer que o entende como un dos principais activos do PNL. Basea o desenvolvemento das accións no aproveitamento desta rede social de axentes facilitadores, para o que contempla de maneira específica a organización de encontros con todos os sectores tratados co fin de difundir o propio Plan.

Plan de normalización lingüística do Concello de Ferrol

O 15 de maio de 2001 constituíuse en Ferrol o Consello Municipal da Lingua, órgano de asesoramento en materia de política lingüística, composto por 21 persoas, representantes de distintos sectores da sociedade ferrolá e dos grupos políticos integrantes da Corporación municipal.

O primeiro acordo que adoptou este órgano de asesoramento foi a elaboración dun Plan de normalización lingüística. O 27 de marzo de 2003 o Concello Pleno aprobou por unanimidade o Plan de normalización lingüística.

Entre os principios que inspiraron a súa redacción destaca a concepción de que non abonda para acadar a normalización social da nosa lingua coa declaración de oficialidade e con intervencións illadas sobre o contorno social do idioma, senón que cómpre desenvolver, desde as institucións, políticas lingüísticas amplas, decididas e, sobre todo, consensuadas e coordinadas. A acción lingüística das administracións debe ser planificada, coherente e nacida do consenso social.

Consegue un marco institucional favorable en moi importantes sentidos:

- Establece un consenso estratéxico, tanto no plano político como social, que implica un compromiso coa normalización da lingua galega e a consideración da institución municipal como axente dinamizador do proceso de promoción lingüística no ámbito de Ferrol.
- Concibe a normalización lingüística como unha actuación de carácter transversal ao Concello de Ferrol, o que significa que o Plan debe ser asumido polo conxunto dos departamentos da Administración municipal.
- Implica o conxunto dos actores relevantes para o proceso de normalización lingüística, promovendo a actuación coordinada e sinérxica entre os distintos axentes sociais e o conxunto das entidades públicas presentes en Ferrol.

Proxecto de planificación lingüística do Concello de Burela

O coñecido como «Modelo Burela» xorde co obxectivo de afondar no proceso de normalización lingüística entre a poboación de Burela. No mes de novembro de 2007 unha representación do IES Perdouro entregoulle ao Cronista Oficial da localidade —e este transmitiu copia aos partidos políticos— un proxecto de innovación lingüística premiado pola Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Dado que o contido do citado proxecto estaba centrado na dinamización lingüística no ámbito local, o grupo de traballo do centro educativo quixo con el contribuír á elaboración dun Plan de normalización lingüística municipal entregando de xeito altruísta unha base de traballo.

Os grupos políticos representados no Concello de Burela valoraron moi positivamente as propostas contidas no documento; asumiron unanimemente o obxectivo de dotar a primeira institución municipal dun programa de actuacións encamiñadas a reforzar os usos do idioma galego e, simultaneamente, a favorecer a fluidez comunicativa noutras linguas tamén de proxección internacional e moi presentes na poboación burelá polas súas especificidades, xa que está constituída por importantes colonias procedentes do estranxeiro que buscaron no sector da pesca o seu medio de vida.

Cunha importante variación no conxunto dos obxectivos centrais —máis ambiciosos— naceu o Proxecto de planificación lingüística, para cuxa redacción se tivo moi en consideración a programación elaborada no centro educativo.

Fixa un período de realización: 2008-2012 e define o seu obxectivo de actuación no reforzo da expresión escrita en lingua galega, no afianzamento do castelán como lingua franca do Estado e no reforzo da expresión oral en linguas estranxeiras.

3.6. Os orzamentos

Aínda que un orzamento suficiente non é garantía de efectividade no desenvolvemento de calquera política, este é, xunto con outros factores, algo fundamental. Na política lingüística acontece o mesmo.

De pouco serve dedicarlle moitos cartos ao desenvolvemento de accións puntuais para o fomento do galego, se estas non están acompañadas dunha actitude minimamente coherente e de mensaxes positivas desde o conxunto da Administración que contribúan co obxectivo normalizador.

Mais, tamén, de pouco serven mensaxes e declaracións de boas intencións se estas non están acompañadas de recursos e accións e, polo tanto, de orzamento.

Así, coñecer os cartos que as administracións lle dedican á política lingüística é fundamental para poder avaliar a política lingüística desa Administración.

3.6.1. *Nos concellos das cidades*

Todas as cidades galegas, excepto Lugo, contaron con partida orzamentaria específica para accións de normalización lingüística nesta lexislatura.

Se analizamos os datos dos últimos dous anos, as cidades que proporcionalmente aos seus orzamentos máis recursos lle dedican á lingua son Pontevedra e Ferrol, seguidas de Vigo. A que menos, despois de Lugo, é Ourense.

No caso de Pontevedra, tanto en 2010 como en 2011 o goberno municipal dedicoulles ás actividades de normalización lingüística o 0,142% do seu orzamento, isto é, 170 000 € dun orzamento total de 120 millóns.

Ferrol dedicoulle en 2010 á lingua o 0,132% do total orzamentario e en 2011, aínda que as contas totais do concello sufriron unha baixada de máis do 11%, a contía dedicada á lingua mantívose, o que fai que este ano esa cifra represente o 0,149% do total.

Vigo, que é a cidade máis grande, tamén é a que, en termos absolutos —que non relativos—, máis cartos lle dedica á política lingüística. En 2010 foron 326 000 €, e en 2011, mentres as contas globais do concellos caeron máis dun 15%, as da lingua subiron máis dun 7%, e superaron os 350 000 €.

Santiago de Compostela non chegou nos últimos dous anos ao 0,1%. En 2010 o concello dedicoulle á normalización preto de 85 000 € sobre un orzamento de 104 millóns (o que supón o 0,082%), e en 2011, mentres o orzamento xeral baixou un 8% (até os 95 millóns), o de lingua baixou un 30% (até 58 000 €, o que supón o 0,061%).

A Coruña, a segunda cidade galega en número de habitantes, destinou á política lingüística en 2010 o 0,061% do seu orzamento (128 000 € de 210 millóns), e para 2011 esa cantidade sobe case un 10%, mais os orzamentos xerais fano un 20%, polo que proporcionalmente os cartos dedicados á lingua baixan até o 0,054%.

E, finalmente, Ourense só lle dedica 12 000 € anuais ás actividades de normalización lingüística, unha cantidade que tan só supón o 0,01% dos gastos anuais totais.

A porcentaxe do orzamento que as cidades lle dedican á lingua é semellante á que lle dedica a Xunta, que é a que ten a competencia nesta materia; sen contar os gastos de persoal, igual que no caso dos concellos, en 2010 dedicoulle o 0,137%; en 2011 esa porcentaxe baixou até o 0,098%, isto é, por debaixo de concellos como Ferrol, Pontevedra ou Vigo.

Lugo non conta con partida orzamentaria dedicada ás actividades de normalización da lingua.


En total, as cidades galegas dedícanlles ás actividades de normalización lingüística 801 416,60 € en 2010 e 810 281,21 € en 2011.

Cadro dos orzamentos de política lingüística nas cidades galegas 2010 e 2011

		2010	2011
A Coruña	Orz. total concello	210 700 000,00 €	256 700 000,00 €
	Orz. específico NL	128 180,00 €	139 900,00 €
	% Orz. específico NL	0,061%	0,054%
Ferrol	Orz. total concello	60 424 676,00 €	53 626 910 €
	Orz. específico NL	79 642,00 €	80 000,00 €
	% Orz. específico NL	0,132%	0,149%
Lugo	Orz. total concello	92 348 387,79 €	90 286 845 €
	Orz. específico NL	0	0
	% Orz. específico NL	0%	0%
Ourense	Orz. total concello	107 453 750,00 €	103 997 137,00 €
	Orz. específico NL	12 000 €	12 000 €
	% Orz. específico NL	0,011%	0,016%
Pontevedra	Orz. total concello	120 000 000,00 €	120 000 000,00 €
	Orz. específico NL	170 000,00 €	170 000,00 €
	% Orz. específico NL	0,142%	0,142%
Santiago de Compostela	Orz. total concello	104 004 251,29 €	95 227 969,64 €
	Orz. específico NL	84 984,38 €	58 027,31 €
	% Orz. específico NL	0,082%	0,061%
Vigo	Orz. total concello	315 721 126,93 €	265 509 541,49 €
	Orz. específico NL	326 610,22 €	350 353,90 €
	% Orz. específico NL	0,103%	0,132%

Cadro dos orzamentos de política lingüística na Xunta 2010 e 2011

Orzamento	2010	2011
Orzamento total da Xunta	11 371 001 928 €	9 456 120 849 €
Orzamento total da SXPL (sen capítulo 1)	15 572 633 €	9 251 115 €
Porcentaxe con respecto ao total do orzamento da Xunta	0,137%	0,098%



3.6.2. Nos concellos medianos e pequenos

Os concellos de entre uns 15 000 e 35 000 habitantes non contan todos con partida orzamentaria para accións normalizadoras. Todos os que teñen orzamento, teñen tamén SNL, mais non todos os que teñen SNL teñen orzamento. Os que non teñen SNL xa non contan tampouco con partida orzamentaria. En xeral, esas partidas orzamentarias, onde existen, son bastante reducidas.

Algúns dos concellos medianos onde os orzamentos contan cunha partida específica para actividades de normalización da lingua son, por exemplo: Moaña, O Carballiño, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo ou Teo.

Nalgúns concellos medianos que teñen SNL e non teñen partida específica para normalización, fanse actividades con cargo a outras partidas como cultura, xuventude, alcaldía, educación etc.

En xeral, nos concellos máis pequenos non hai orzamento específico para accións de normalización.

3.7. A coordinación

Cando se fala da coordinación como un elemento estrutural da política lingüística no ámbito local, pódese facer referencia a dúas vías de actuación diferentes que, no entanto, teñen en común o traballo con entidades alleas á propia Administración local. Por unha parte, pódese ter en conta a vía de coordinación con entidades que pertencen ao ámbito territorial do concello; por outra parte, hai que considerar a coordinación con outros concellos, coas entidades locais.

Cando se traballa con outras entidades que non son administracións públicas pero que se insiren dentro do ámbito territorial do concello, sempre é necesaria a coordinación. Porén, estas canles de traballo habitualmente están a medio camiño entre a participación social e a colaboración entendida como coordinación de accións e obxectivos; por iso xa se fixo referencia a estas pequenas redes no apartado deste informe relativo aos organismos de participación (apartado 3.3).

Ao falarmos de coordinación, referímonos, polo tanto, ao traballo conxunto entre concellos para o desenvolvemento en común da política lingüística. É un recurso fundamental, porque se dá entre entidades do mesmo nivel,

entre administracións locais. Estes entes adoitan estar en igualdade de condicións no tocante a estruturas de organización, ámbitos de actuación, capacidade de análise e obxectivos marcados. A coordinación permite rendibilizar esforzos, capacidades e recursos; ademais, axuda a diminuír os custos e a visibilizar a política lingüística, ao alcanzar máis poboación e territorio.

Até o de agora, é ben cativa a historia da coordinación entre concellos para o desenvolvemento conxunto da política lingüística; porén, non existe nin unha soa iniciativa inserida nunha política lingüística planificada á medida do concello que fose organizada, desenvolta e avaliada por concellos sen unidades técnicas, sen servizos de normalización lingüística; non hai constancia de accións organizadas nin por un concello só, nin por un grupo de concellos coordinados.

As iniciativas que se organizaron e desenvolveron entre varios concellos son poucas e esporádicas, pero todas puideron realizarse grazas ao traballo de coordinación feito desde os servizos de normalización lingüística municipais. Ciberlingua foi a campaña pioneira na coordinación de política lingüística a nivel local, e sumou, ademais de concellos, a participación doutras entidades. Desde Ciberlingua, todas as campañas que se realizaron coa coordinación de varios concellos foron un éxito en canto á relación de custos investidos, traballo compartido e resultados obtidos. Porén, ningunha das iniciativas conseguiu crear unha canle estable de coordinación.

Nestes últimos anos a coordinación entre concellos para o desenvolvemento da política lingüística foi practicamente inexistente. Esta é unha realidade de difícil explicación, se temos en conta que en Galicia hai 69 concellos con servizos de normalización lingüística activos, que abranguen o 61,20% da poboación galega. Boa parte destes servizos están a funcionar de xeito estable desde hai varios anos, polo que hai varias administracións locais, con distintas características sociolingüísticas, orzamentarias e de poboación, que poden fornecer da experiencia do traballo feito aos concellos que están a poñer en marcha políticas lingüísticas activas. Dispoñer de estruturas técnicas a nivel municipal debería de ser a base para a posta en marcha dunha política lingüística coordinada a nivel municipal.

Até o momento, e tirando colaboracións puntuais, non existen redes estables de coordinación. Hai dous casos que poderían ser as excepcións á inexistencia de redes formais coordinadas desde unha Administración supramunicipal, mais que precisarían mudar algúns aspectos de concepción e de funcionamento, para seren, realmente, eixes de coordinación:

Por unha parte, a rede de concellos que desenvolven a política municipal ao abeiro da subvención da Deputación da Coruña. A Deputación non coordina a política lingüística que desenvolven os concellos que se acollen á súa orde de subvencións; con todo, estimula a creación de unidades técnicas, contribúe economicamente no pagamento dos custos do persoal dos servizos, fixa as funcións mínimas que deben desempeñar os servizos de normalización, a categoría profesional da persoa contratada como técnico/a e, o máis senlleiro, mantén actividades como os Encontros no Pazo de Mariñán. Estes encontros teñen como obxectivo ser un foro para a posta en común de cuestións relacionadas coa política lingüística municipal; están dirixidos tanto ás persoas que traballan nos departamentos técnicos como ás persoas que teñen responsabilidade política no ámbito da normalización lingüística. Dalgún xeito, serven para coordinar a política lingüística que desenvolven os concellos da Coruña.

Tamén podería ser un eixe de coordinación da política lingüística a nivel municipal a Rede de Dinamización Lingüística creada pola Xunta de Galicia, aínda pendente de entrar en funcionamento. A Rede de Dinamización ten a peculiaridade de admitir como membros a concellos que non contan con servizos de normalización lingüística; é dicir, que poderá estar formada por concellos sen unidades técnicas especializadas na planificación, desenvolvemento e avaliación da política lingüística, polo que vai ser difícil que sexa un organismo que realmente coordine a política lingüística municipal. De todas as maneiras, haberá que agardar a que comece a funcionar para ver como desenvolve a súa actividade.

Na cala feita para este informe a 17 concellos de cidades, vilas e pequenos núcleos de poboación, a resposta máis numerosa foi que se colabora con outros concellos sempre que xorde a oportunidade. Existe, polo tanto, a tendencia á coordinación entre as entidades locais:

Colaboran con outros concellos:	Concellos con cidades (Enquisas totais: 7)	Concellos con vilas (Enquisas totais: 6)	Concellos pequenos (Enquisas totais: 4)
Teñen redes estables con outros concellos	0	2	1
Sempre que xorde a oportunidade	6	3	0
Raras veces	1	0	1
Nunca colaboran	0	1	2

Destaca o funcionamento de redes estables de traballo con outros concellos. Entre os concellos enquisados, hai dúas declaradas nos concellos con vilas; unha delas é o caso do Concello de Melide, que forma parte da Asociación Cultural de Normalización Lingüística Terra de Melide, formada polos concellos e centros de ensino da bisbarra; a outra resposta é do Concello de Vilalba, que declara formar parte da Rede de Dinamización formada pola Xunta. Tamén hai unha rede de colaboración formada polos concellos de Malpica de Bergantiños, Carballo, Cabana de Bergantiños, Ponteceso e Zas (das comarcas de Bergantiños e Terra de Soneira); todos eles con servizo de normalización lingüística.

A nivel técnico parece evidente a consciencia da necesidade de coordinación da política lingüística, que se transloce en manifestar que se colabora con outros concellos sempre que xorde a oportunidade, ou no funcionamento de canles estables de colaboración. Hai constancia de iniciativas puntuais de campañas de normalización lingüística deseñadas e executadas entre varios concellos, como *O galego, o mellor dos ingredientes* (2006), desenvolvida polos concellos de Ames, Brión e Rois. Falta, pois, a creación dunha canle estable que sirva para coordinar a política lingüística que precisa e desenvolve cada Concello.

4. O USO DO GALEGO COMO LINGUA DE TRABALLO E COMUNICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS

4.1. Algunhas cuestións xerais que afectan aínda hoxe a normalidade no uso do galego nas administracións (e noutros eidos)

A Lei de normalización lingüística di que «a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei» (art. 6.4, LNL, 83). Porén, a última norma que aprobou a Xunta, no ano 2009, tivo como obxectivo reducir a esixencia do coñecemento do galego nas probas de acceso á función pública.

As leis que regulan o uso do galego na Administración son poucas, cativas, están sen desenvolver polo miúdo e aínda se están a modificar para retirarlle cobertura legal á lingua. Con todo, para que o uso do galego fose real en todas as administracións locais, debería abondar co seguinte enunciado, xenérico, pero moi claro no seu mandato, do art. 25º da Lei de normalización lingüística: «o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades [...]».

No entanto, a realidade mostra que o fomento da normalización do uso do galego non se realiza coa intensidade agardada, especialmente de termos en conta algúns dos parámetros de desgaleguización do contorno máis preocupantes como o ámbito urbano ou os usos orais; tampouco parece que se asuman como obrigas inherentes á función pública cuestións básicas como a «oferta positiva» ou a necesidade de coidar a calidade da lingua.

A causa de que custe tanto, na Administración local, poñer en práctica o que ditan as normas pódese explicar desde diversas perspectivas:

Para comezar, cómpre lembrar a tantas veces debatida cuestión de que as leis que regulan os usos lingüísticos non levan consigo mecanismos de sanción polo seu incumprimento. A pesar de ser un asunto en aparencia estritamente legal, a pertinencia ou non de engadir algún tipo de sanción merecería un debate serio. Na actualidade, a ausencia total de consecuencias negativas á hora de non observar a legalidade lingüística fai que o uso do galego na Administración local, ao final, sexa só unha cuestión de voluntariedade. Prima, de facto, a vontade persoal sobre o deber legal.

A formación como proceso aínda non rematado é outro punto que non se pode esquecer. O decreto do 20 de xullo de 1979 permitiu a incorporación do galego ao ensino como materia. Isto quere dicir que as persoas que na actualidade traballan na Administración pública e teñen máis de 45 anos non tiveron nunca galego como materia normal na súa formación académica escolar. É certo que nesta faixa de idade tamén se atopa a meirande parte de falantes de galego, pero a lingua aprendida na casa non abonda para desenvolverse axeitadamente no contorno laboral da Administración pública.

Por outra banda, na xente máis nova que xa tivo acceso á formación regrada en galego, con diferentes materias impartidas en galego, dependendo da lexislación vixente en cada momento, obsérvase tamén en xeral un nivel de competencia baixo, moi afastado ao que permitiría un perfecto desenvolvemento profesional en galego. O baixo número de materias impartidas en galego e o deficiente nivel actitudinal e de competencia en lingua falada e escrita deixan constancia dun sistema educativo ineficaz, con serias eivas en materia lingüística.

Aínda hoxe, máis de trinta anos despois da implantación do galego no ensino, a meirande parte da formación especializada non regulou ningún tipo de porcentaxe de docencia en galego, nin conta con ningunha materia que asegure a aprendizaxe da terminoloxía específica en galego. A porcentaxe de clases co galego como

lingua vehicular na formación técnica e na universitaria é aínda escandalosamente baixa. Con todo, os problemas da formación terminolóxica para a utilización de linguaxes de especialidade non se reducen á case total ausencia do ensino:

En primeiro lugar, a terminoloxía de moitas áreas aínda está en proceso de asentamento e difusión. Aínda que isto acontece en todas as linguas do mundo, non se pode obviar que nós levamos un pouco de atraso no proceso.

En segundo lugar, cómpre ter en conta o problema da difusión da terminoloxía que xa existe mais que non é coñecida dabondo, ao non estar incorporada nos estudos especializados e ao ser de difícil acceso para as persoas que precisan desa terminoloxía no seu traballo cotián. A parte positiva é que aínda estamos a tempo de facer e poñer en circulación linguaxes de especialidade excelentes, minimizando os erros terminolóxicos.

Outro factor que segue a afectar na actualidade a normalidade no uso do galego na Administración é a inercia do uso. A dificultade de mudar os hábitos de uso, sempre máis acusada nunhas persoas ca noutras, a inseguridade e a falta de fluidez son algúns dos principais factores que aínda hoxe tamén pexan a normalidade dos usos orais para todas as persoas que traballan ou desenvolven cargos públicos na Administración local. Tampouco se poden esquecer algúns prexuízos aínda vivos, como a vergoña social de oírmonos nunha lingua que non é habitual en nós. A consecuencia máis grave que se deriva de todo o anterior é o incumprimento do mandato legal da oferta positiva da lingua galega na atención ao público e nas comunicacións realizadas desde a Administración pública.

Por último, cómpre non esquecer o problema da calidade xeral da lingua empregada desde a Administración. Na actualidade é aínda necesario conxugar non só certa permisividade cos erros de quen empeza a falar ou escribir, senón tamén os ánimos para que asente e asegure o seu uso da lingua; mais non é menos necesario combinar ambas as estratexias coa necesidade de incidir na valoración e na esixencia dunha calidade de lingua excelente, ou que camiñe cara á excelencia, por parte das persoas que traballan nas administracións públicas ou que as representan ben desde a política, ben desde o sector da provisión de servizos.

4.2. A importancia do uso público e oficial do galego por parte dos cargos institucionais: desde a rixidez protocolaria, ao formalismo dos plenos e á proximidade do trato coa veciñanza

Aínda que son os menos, hai cargos institucionais que defenden abertamente o seu suposto dereito a usaren o castelán na súa vida pública e oficial. Porén, a postura máis estendida entre as persoas con representación política é a sensatez de asumir que como cargos públicos forman parte da Administración, polo que están incluídos no mandato legal que a Lei de normalización lingüística lles fai aos poderes públicos, no art. 6.3, para que promovan o uso normal da lingua, oralmente e por escrito. Se o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións e da Administración pública, é tamén a lingua que deben usar os cargos públicos que representan as administracións.

Aínda que é certo que as persoas que traballan na Administración tenden a considerar que os cargos públicos son figuras que están de paso na institución, non é menos certo que a súa posición central na estrutura organizativa da Administración pública fai que a parte política das entidades locais teña unha posición privilexiada para poder incidir en moitas cuestións, tanto directa como indirectamente; tamén no uso e no prestixio da lingua.

A función de representatividade dos cargos públicos é unha inmejorable oportunidade para facer visible a lingua asociada a todos os temas da vida municipal, xa que esta abrangue todo o espectro de cuestións e temas da sociedade, sempre desde unha posición sobranceira, pero non sempre desde un rexistro moi formal. Na actualidade, para desenvolveren axeitadamente as súas funcións, os cargos públicos precisan poder dominar o código lingüístico para adecuárense a distintas situacións comunicativas: desde a rixidez protocolaria esixida nunha

recepción institucional, ao formalismo dos plenos ou á proximidade do trato que se adoita empregar, por exemplo, en xuntanzas con asociacións e coa veciñanza.

Nos últimos anos véñse avanzado moito neste camiño; así, a sociedade asume xa con normalidade o uso do galego nos cargos públicos. Con todo, o uso normalizado da lingua galega por parte dos cargos institucionais enfrontase a máis dun problema.

- O máis difícil de solucionar, tendo en conta a situación actual, semella ser a ocultación xeneralizada da lingua por parte dos medios de comunicación escritos. A prensa escrita traduce case sistematicamente as declaracións, notas de prensa e comunicados que os cargos públicos realizan en lingua galega. Isto reduce a presenza do galego na sociedade e fai que a lingua perda unha valiosa oportunidade para aparecer con normalidade no ámbito público. Cómpre o compromiso dos cargos públicos co galego, para pediren que se respecte o idioma das súas declaracións e ser así axentes da visibilización da lingua asociada a todo tipo de informacións e asuntos locais. Cómpre tamén sensibilidade e compromiso por parte dos medios de comunicación.

- Todas as linguas con usos normalizados outórganlle unha importancia extrema á calidade da lingua empregada nos usos públicos e oficiais. Se o galego é a lingua de traballo para os nosos cargos públicos, non abonda con «defenderse» no seu uso. A lingua é a ferramenta máis poderosa que teñen os nosos políticos e as nosas políticas na comunicación; é necesaria a excelencia na competencia lingüística dos nosos cargos públicos, xa que para comunicar axeitadamente é tan importante o que se di como a maneira de dicilo. A normalidade do uso do noso idioma queda en evidencia cando analizamos a deficitaria calidade da lingua galega na que se expresan os cargos públicos ao longo do tempo, sen mostraren o máis mínimo esforzo na procura da mellora das súas eivas lingüísticas. Os problemas da lingua dos cargos públicos abranguen, en xeral, a gramática e fonética, a adecuación do código, incoherencias no uso do rexistro axeitado e alternancias e interferencias entre galego e castelán.

- A ausencia de plans de formación específica para os cargos públicos é un problema directamente relacionado coa eiva da calidade da lingua. É notoria a falta de oportunidades de formación axeitadas ás necesidades dos usos públicos e oficiais da lingua, sobre todo no tocante á gramática, vocabulario, sintaxe, fonética e oratoria.

- Xa se incidiu na necesidade do prestixio, de que o galego sexa a lingua de referencia para os usos públicos e oficiais. Con todo, existe o perigo do enquistamento no uso da lingua ligado só aos ámbitos oficiais; é o que se denomina como «usos rituais» da lingua, que veñen provocados pola falta de constancia e coherencia no uso da lingua por parte de moitos cargos públicos. Os usos lingüísticos no exercicio das responsabilidades públicas fan que a sociedade perciba unha duplicidade no uso do galego e do castelán; en moitos casos é frecuente observar o uso do galego reservado para os usos máis protocolarios, mentres que o castelán aparece asociado ás declaracións máis espontáneas. Cómpre coherencia e constancia no uso público da lingua.

A utilización do galego por parte dos cargos públicos é fundamental, xa que arrastran os seus interlocutores cara ao uso da mesma lingua ca eles. Os seus usos lingüísticos non só inciden na mellora da percepción social sobre os usos públicos da lingua, tamén contribúen a que os cadros de persoal, as empresas prestadoras de servizos e as entidades e persoas que demandan servizos tamén utilicen o galego na escrita e na oralidade.

Alén dos mandatos legais, e da función representativa das institucións que exercen os cargos públicos, estas persoas adoitan ser referentes na atención da sociedade á que representan. A pesar de que o seu labor é sempre observado de maneira crítica, gozan de gran proxección pública, e habitualmente a sociedade recoñece o seu compromiso e a súa dedicación nas áreas en que traballan. Normalmente representan a voz da meirande parte da sociedade, o que tamén os converte en modelos para seguir; son exemplos moi próximos á cidadanía e están moi presentes na vida pública cotiá, sobre todo na Administración local. As súas decisións, as súas accións e as súas palabras afectan e interesan a toda a sociedade, incluíndo tamén as persoas que traballan en ou para a Administración pública.

Estas circunstancias fan dos cargos públicos unha forza motriz que ten capacidade abonda para incidir directamente sobre a sociedade, sobre o funcionamento de toda a maquinaria administrativa e dos entes que interactúan con ela.

É responsabilidade dos cargos públicos mellorar as súas competencias lingüísticas non só para comunicaren con toda exactitude as súas mensaxes, senón tamén para que o seu dominio da lingua estea á altura agardada para os usos públicos e oficiais do galego. Xa que logo, a lingua nos cargos institucionais debe estar sempre ligada á excelencia necesaria para poder comunicar coa exactitude e claridade que lle corresponde a un cargo público; unha excelencia que leva consigo vontade de mellora constante, coherencia e compromiso.

4.3. O uso do galego por parte dos/as traballadores/as da Administración: requirimento nos procesos selectivos e formación

O mandato legal que obriga á Administración local a normalizar o uso do galego afectou, sobre todo, o persoal que traballa na función pública. Así, hoxe en día a meirande parte da poboación recibe en galego practicamente a totalidade das comunicacións escritas que emanan da Administración local. Porén, o que acontece coa atención oral en galego é ben diferente.

Os usos orais seguen a ser inconstantes, a pesar das obrigas legais e das medidas de oferta positiva establecidas no PXNLG, ordenanzas e regulamentos. Na actualidade na Administración local pódense dar situacións tan paradoxais como que a mesma persoa desenvolva o seu traballo en galego para a documentación escrita do servizo: expedientes, notificacións, resolucións, comunicacións, avisos ou anuncios; mais que continúe a ter graves dificultades para os usos orais. Habitualmente estas dificultades materialízanse en tres situacións: nun deficiente uso do galego, nunha mestura de galego e castelán ou, directamente, na opción polo uso do castelán na atención oral ás persoas usuarias da Administración. En calquera dos casos, incúmprese a premisa que obriga á Administración local a ser un axente de normalización do uso da lingua de cara á sociedade.

Parte deste desaxuste entre os usos orais e escritos na Administración local tende a corrixirse, por un lado, cos requirimentos de coñecemento de lingua para o acceso ao traballo na función pública e, por outro, cos plans de formación para os traballadores e as traballadoras na Administración local.

Os requirimentos lingüísticos que se fixan na actualidade para o acceso á función pública son de dous tipos: a través de probas selectivas de lingua galega e a través de acreditación de formación en lingua galega. Non hai, porén, obrigatoriedade de realizar en galego as probas de acceso que non son específicas de lingua; cando esta medida garantiría totalmente a capacidade lingüística axustada aos coñecementos relacionados explicitamente co posto de traballo.

Tocante aos modelos de requirimentos sobre o coñecemento de galego nos procesos selectivos, xa quedou recollido no apartado sobre a lexislación a involución que supuxo a modificación da Lei da función pública do ano 2009 con respecto aos exames de lingua galega. Con todo, cada Concello ten potestade para regular as probas de acceso para seleccionar as mellores candidaturas para cada posto de traballo, e moitas administracións locais seguen a considerar que as probas de galego que teñan como finalidade garantir o perfil lingüístico axeitado ao posto de traballo non entrarían en contradición coa reforma da Lei da función pública do ano 2009.

O problema do que deriva isto é a falta, aínda case xeral en toda a Administración local de Galicia, do establecemento dos perfís lingüísticos nas relacións de postos de traballo. Enténdese por perfil lingüístico o nivel de competencia lingüística precisa para desenvolver as tarefas propias dun posto de traballo nun determinado idioma. Os concellos que xa especificaron a descrición dos perfís lingüísticos para cada posto de traballo, como Ames, son aínda moi poucos. Aínda que esta é unha ferramenta sumamente útil para axeitar mellor as necesidades dos postos de traballo e as capacidades do persoal que desenvolve cada posto, segue sen haber ningún tipo de directriz

que guíe as entidades locais no establecemento dos perfís. Tampouco hai ningunha norma que obrigue ou aconselle directamente a descrición dos perfís lingüísticos, aínda que parece obvio que cada posto de traballo vai precisar de coñecementos e habilidades lingüísticas que estarán directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo e que dependerán, por exemplo, de se se traballa de cara ao público ou non, de se esta atención ao público está centrada en temas xerais ou está especializada nunha área; de se hai que redactar documentos técnicos, prestar atención telefónica ou redactar información e notas de prensa, por exemplo.

O nivel de lingua galega é un requisito de acceso aos postos de traballo na función pública galega, polo que urxe establecer un sistema de gradación en niveis que permita establecer os perfís lingüísticos supeditados aos criterios de razón, progresividade e proporcionalidade das propias funcións dos distintos postos; segundo recolle a Sentenza do Tribunal Constitucional 46/1991. De atendermos a estes mesmos criterios, parece recomendable realizar a acreditación do coñecemento da lingua galega de maneira explícita; isto é, a través de probas expresas e específicas que teñan en conta as funcións e o perfil lingüístico de cada posto de traballo.

Deixando a un lado os perfís lingüísticos e os mecanismos para garantir o coñecemento adecuado de galego nas persoas que acceden á función pública, hai varios problemas que inciden no incumprimento co mandato do uso do galego na Administración local:

- O máis marcado vén dado polos distintos niveis de formación e información de cara ao galego que se atopan nas distintas xeracións de persoas que traballan na Administración pública, como xa se analizou ao comezo deste apartado.
- A propia condición de traballador público constitúe un problema: aínda que as persoas que traballan na Administración superasen as probas de acceso de lingua galega e demostrasen posuír o nivel de lingua necesario para desenvolver o posto de traballo, non existen na actualidade mecanismos para obrigar a empregar o galego a un/unha funcionario/a que non queira usalo ou que alegue que non está capacitado/a para desenvolver o seu traballo en galego.
- Cómpre sinalar tamén o mantemento dalgúns antigos prexuízos sobre a lingua, como a idea da inestabilidade do código, xunto co nacemento de prexuízos novos, como a idea da imposición da lingua, que hipoteticamente entraría en contradición coa liberdade individual para escoller a lingua oficial. (Claro que este novo prexuízo obvia, entre outras cousas, que por riba da liberdade individual están as obrigas do posto de traballo, entre as que se inclúe o mandato legal da normalización da lingua).
- Por último, a deficiente formación xeral en lingua galega e a falta de formación específica para os postos de traballo tamén pexan o uso normal do galego na Administración local.

Despois da modificación da Lei da función pública do ano 2009, moitas entidades locais cambiaron para o acceso á función pública as probas de lingua galega pola acreditación documental dos certificados de lingua galega. A Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, Celga, determina polo miúdo os programas e contidos para cada un dos cinco niveis dos Celga. O anexo III da Orde describe cadanseu nivel, as habilidades comunicativas que abrangue, o grao que se debe alcanzar en cada unha das catro destrezas básicas (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita) e, tamén para cada nivel, os contidos de lingua e comunicación (funcións comunicativas), lingua e sistema (coñecemento do código) e lingua, cultura e sociedade (contidos socioculturais).

No tocante ao coñecemento de lingua galega a nivel xeral, establecido de acordo cos Celga, moitas entidades locais piden a acreditación documental, xa que a acreditación implícita non é posible, posto que existe a exención de lingua galega e esta non aparece reflectida nos títulos do sistema educativo regrado. A acreditación explícita a través de documentos, cos propios certificados Celga, ou coas validacións previstas na Orde de 2007, tampouco parece recomendable para todos os postos; xa que hai un amplo abano de postos de traballo, de diferentes grupos, niveis e escalas, que se aglutinan, sobre todo, dentro do Celga 4.

Os Celga garanten habilidades comunicativas en lingua xeral, pero non o dominio específico do léxico, das estruturas lingüísticas e das situacións comunicativas propias de cada posto de traballo. Non garanten a formación en linguaxes de especialidade como a linguaxe administrativa, nin o coñecemento de léxico de áreas específicas como o urbanismo, a arquitectura ou os léxicos das ciencias sociais necesarios para o desenvolvemento de certos postos de traballo vinculados, por exemplo, ao traballo social.

Os únicos certificados oficiais que acreditan o dominio da linguaxe administrativa, xurídica e sanitaria só se poden obter cando xa se está dentro da función pública. Na actualidade, para acreditar o coñecemento da terminoloxía específica e das linguaxes de especialidade necesarias para certos postos, parece necesario establecer unha proba de coñecemento da lingua relacionada especificamente co posto de traballo ao que se quere acceder.

A Escola Galega de Administración Pública é o órgano que ten a encarga legal de ocuparse da formación do persoal da Administración pública. Con todo, a oferta de formación nin sempre é en lingua galega, nin sempre ten en conta a lingua galega, máis alá das convocatorias de cursos de linguaxe administrativa de nivel medio e superior. Como ente público, está afectado pola normativa que lle obriga a irradiar normalización da lingua. Isto quere dicir que debería de establecer como requisito xeral que o galego sexa a lingua de docencia e de traballo nos cursos e seminarios que organiza (este mesmo requisito serve tamén para as convocatorias de cursos que realizan as administracións locais). Desta maneira, a formación levaría consigo a adquisición dos coñecementos e do vocabulario específico necesarios para desenvolver as habilidades e os coñecementos que son obxectivo de cada curso.

Por outra parte, logo de máis de vinte anos de cursos de linguaxe administrativa, resulta evidente a necesidade de que a EGAP comece a diversificar e a especializar a mal chamada de xeito común «linguaxe administrativa», ou, dito doutro xeito, é necesario que inicie a formación das linguaxes de especialidade que se agochan baixo a etiqueta xenérica da Administración. Estas linguaxes específicas son as propias das distintas áreas de xestión esenciais na moderna Administración local, como servizos sociais, urbanismo, medio natural, seguridade cidadá, promoción económica, lecer... e tantas outras. Non todos os concellos teñen a capacidade económica para promover este tipo de formación tan específica, pero tan necesaria.

4.4. A lingua proxectada: atención, comunicación, rotulación, contratación de servizos, compras de produtos etc.

Tanto a lexislación xeral como as ordenanzas e regulamentos particulares de cada Concello determinan que o galego deberá de ser a lingua utilizada en todos os anuncios, rótulos, carteis e sinalética con proxección externa á propia Administración.

Para cumprir este mandato, reitéranse as mesmas dificultades que para os apartados anteriores. No mellor dos casos o uso vén establecido pola ordenanza ou regulamento do uso da lingua pero, quen supervisa o funcionamento administrativo de cada unidade no cumprimento destes mandatos? A transversalidade da área de política lingüística podería ser a solución, pero non sempre está ben asumida e, ademais, non sempre é posible o control político.

É necesario ter presente o tema da lingua para pedir a súa incorporación aos provedores habituais de rotulación; cómpre a implicación e a sensibilidade individual de cara á lingua por parte das persoas que traballan na Administración local e teñen responsabilidade na xestión de elementos que soportan calquera tipo de rotulación, porque é un esforzo que implica rachar con moitas inercias de uso. Con todo, as xestións que adoitan presentar máis problemas para a súa galeguización son as solicitudes que se deben realizar desde a Administración para o cambio de lingua en documentos que emanan de empresas alleas á Administración local, e para as que

a Administración funciona como cliente; este é o caso de orzamentos, facturas, proxectos de desenvolvemento de servizos ou condicionados de pólizas de seguros, por exemplo.

Se é importante conseguir o uso do galego na lingua proxectada desde a Administración local, non é menos importante a atención á calidade desa lingua proxectada, xa que polo xeral van ser rotulacións con finalidade publicitaria e que permanecerán durante un tempo máis ou menos longo á vista de toda a sociedade. Así, os erros gráficos dos documentos permanentes (rótulos, sinalética, publicacións...) van constituír un elemento desestabilizador da norma, debido á importancia que na nosa cultura ten a palabra escrita. Desafortunadamente, estes casos son moi abundantes nas rotulacións da toponimia. É moi difícil asumir que un rótulo ou un elemento sinalético poida ter faltas de ortografía ou erros lingüísticos, polo que a sociedade tende a asumir como opción válida a que se reflicte na sinalética de calquera tipo.

Tamén neste eido os prexuízos perturban a utilización axeitada do idioma. Moitas veces son prexuízos en contra da propia norma, co razoamento ilóxico de «se utilizo a palabra correcta, ninguén a vai entender» (xustificación real dada desde o departamento de comunicación dun concello galego para explicar a escolla da rotulación «museo efímero», con erro, no lugar de «museo efémero»). Tamén transloce prexuízos a escolla do castelán sobre o galego en publicacións ou cursos dirixidos a un público do que se agarde unha porcentaxe máis ou menos numerosa de estranxeiros; é o caso dunha guía sobre a maternidade en árabe e español publicada pola área de asuntos sociais dun concello galego no ano 2009.

Da importancia da lingua proxectada para a fixación da terminoloxía administrativa dan boa conta numerosos termos que, desde a terminoloxía específica da Administración, pasaron a ser normais na sociedade a través da rotulación permanente e do uso xeral: *taxas*, *planeamento urbano*, *beirarrúa*... O éxito dalgúns destes termos foi tal que se empregan incluso cando os medios de comunicación dan as noticias en castelán, como acontece con *orzamento*, *concello* e *concelleiro/a*.

4.5. Conclusións

En resumo, para o uso axeitado do galego como lingua de traballo e comunicación nas administracións locais faltan mecanismos de control, que son necesarios para facer cumprir a obrigatoriedade legal de utilización do galego en calquera dos ámbitos comunicativos e de funcionamento da Administración local.

Por outra banda, nos últimos anos estamos ante a involución legal na cobertura da garantía dos usos lingüísticos, que claramente vai en detrimento do mandato legal de facer da Administración local un elemento de difusión de normalidade no uso da lingua.

Nesta situación é aínda máis urxente especializar a formación lingüística e terminolóxica, para axeitala a cada un dos ámbitos de traballo da Administración local. É necesario continuar coa formación, non só do persoal que traballa na Administración local, senón tamén das persoas que teñen cargos públicos.

5. AS ACCIÓNS PARA O INCREMENTO DO USO E PRESTIXIO DA LINGUA GALEGA NA SOCIEDADE

5.1. A imprescindible transversalidade

Para a súa efectividade, a política de normalización da lingua galega desde os concellos debería ser transversal, e isto quere dicir non só que as accións de normalización se deben dirixir a todos os ámbitos e sectores, senón que, ademais, o conxunto das accións da Administración desenvolvidas desde todas as áreas deben ter, implícita ou explicitamente, obxectivos normalizadores: nas subvencións, nas contratacións, na promoción comercial, no urbanismo, na política xuvenil, nos cursos de formación, na promoción das novas tecnoloxías, na política cultural etc.

E, á par da imprescindible transversalidade, está tamén a imprescindible coherencia. De pouco serve a escasa efectividade que ten, por exemplo, desenvolver unha boa campaña de promoción do uso do galego no comercio desde a Concellaría de Normalización Lingüística cando, por exemplo, a Concellaría de Promoción Económica organiza accións formativas para os/as comerciantes que se desenvolven en castelán (falta de transversalidade) ou o/a concelleiro/a responsable desa área de promoción económica se expresa publicamente e/ou nas xuntanzas cos comerciantes en castelán (falta de coherencia).

E, claro, este exemplo podémolo converter en dúcias de exemplos en cada unha das áreas de actuación municipal: de pouco serven accións para promocionar as novas tecnoloxías en galego cando os sistemas operativos dos ordenadores das aulas de informática do concello están en castelán; escasa efectividade terán campañas de promoción do galego entre a mocidade se o/a concelleiro/a da área non se expresa publicamente sempre nesta lingua; de nada servirán mensaxes de apoio ao uso do galego no deporte se o monitorado das escolas deportivas municipais non se dirixe en galego aos rapaces e rapazas; nulos serán os apoios simbólicos para o uso do galego nos medios de comunicación cando o concello só ten subscricións a xornais en castelán que se difunden en edificios públicos, bibliotecas, centros sociais etc.; de pouco servirán campañas, concursos, concertos pola lingua etc. para divulgar a música moderna en galego cando para as festas populares que o concello organiza ou apoia, non se contratan cantantes, grupos ou orquestras que canten na nosa lingua...

Se aceptamos que tanto a coherencia como a transversalidade son imprescindibles para a efectividade das accións de normalización lingüística, entón temos xa detectado unha das principais e máis estendidas eivas da política lingüística municipal.

Graves problemas de falta de coherencia na política lingüística municipal obsérvanse día a día nas cidades, nomeadamente na Coruña e en Vigo, onde as súas concellarías de normalización lingüística e os seus SNL traballan de xeito activo na promoción do uso e prestixio da lingua galega mentres os seus alcaldes e parte dos concelleiros e das concelleiras poucas veces, ou ningunha, se expresan publicamente en galego.

Exemplo positivo de coherencia pode ser Pontevedra, onde desde todas as concellarías se transmiten sempre actitudes e mensaxes positivas con respecto ao galego. En boa medida tamén en Santiago de Compostela e, aínda que en menor medida, en Ourense, Ferrol e Lugo, onde, neste último caso, non existe unha concellaría nin orzamento específico para desenvolver accións normalizadoras concretas e continuadas.

Nos concellos medianos ou pequenos a situación é moi desigual e, na práctica, o uso público do galego depende da actitude persoal do alcalde, da alcaldesa ou das/os concelleiras/os.

Con respecto á transversalidade, esta case sempre é entendida como dirixir as accións normalizadoras a diversos ámbitos, mais en moi poucas ocasións é entendida como que nas accións desenvolvidas desde os diversos

ámbitos se teñan en conta obxectivos normalizadores. Así, a situación está moi lonxe da ideal, xa que, salvo algunhas excepcións, o habitual é que nas políticas das áreas como mocidade, promoción económica, turismo, deporte etc. non se teña en conta o obxectivo do incremento do uso e prestixio da lingua galega.

Un pequeno exemplo onde a promoción da lingua debería estar presente de xeito transversal, ademais de por lóxica e efectividade, tamén por mandato legal, é o das subvencións que se convocan desde os concellos: para clubs deportivos, para a organización de festas, para actividades culturais, para asociacións de veciños/as, para a promoción económica etc.

Segundo o artigo 20.2.1, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos criterios de valoración de todas as subvencións valorárase «en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda». Un repaso xeral a distintas convocatorias de subvencións por parte dos concellos galegos fainos ver como o incumprimento dese apartado da lei é frecuente. Entón, se a maioría dos concellos non teñen en conta o obxectivo normalizador en algo que xa está marcado por lei e que, en teoría, é de obrigado cumprimento, como é o caso das subvencións, dificilmente o van ter de forma voluntaria noutros aspectos e accións.

Algunhas desas accións e obxectivos transversais para a normalización lingüística que se poderían ter en conta, a modo de proposta, nas distintas áreas dos concellos e que, maioritariamente non se teñen, son, por exemplo:

5.1.1. Acollida

Nas accións de cara á acollida da poboación inmigrante o galego ten que xogar un papel fundamental como elemento de integración na nosa sociedade, e isto débese transmitir na información e formación que se lles facilite. Así, na formación para persoas inmigrantes débese incluír tamén unha oferta formativa en lingua galega que lles sexa útil para a súa integración.

5.1.2. Asociacionismo

No apoio ás asociacións de todo tipo (culturais, de veciños/as, xuvenís, empresariais, deportivas etc.) débese valorar o emprego da lingua galega, co fin de procurar o incremento do seu uso en todas as actividades desas asociacións.

5.1.3. Comercio e empresa

As campañas de promoción do comercio local poderían salientar a importancia do uso do galego como un factor de importancia que indica identificación, confianza, proximidade e calidade, tanto no seu uso escrito como na atención ao público. Isto mesmo debería ter en conta tamén en posibles cursos, xornadas etc. dirixidas ao comercio e ás empresas, así como nas políticas dos viveiros de empresas. As axudas para a promoción comercial poderían ter en conta o uso do galego como criterio de concesión.

5.1.4. Comunicación

Ademais de que a transmisión da comunicación de todas as áreas do concello se faga en galego (nas notas e conferencias de prensa, declaracións, entrevistas, web, folletos, carteis...), tamén se lles podería solicitar aos distintos medios de comunicación que nesas informacións transmitidas polo concello se respecte o uso da lingua galega para a súa publicación. Ademais disto, os concellos pódense subscribir aos medios de comunicación en galego e

facer que estean dispoñibles en todos os edificios públicos, bibliotecas, centros sociais, casas da cultura, aulas de informática etc.

5.1.5. Cultura

A programación cultural debe ter tamén o fin de promover e dar a coñecer a creación cultural en galego (na música, no teatro, no audiovisual, na literatura...) e, ademais, debe incluír mensaxes normalizadoras. O apoio á creación tamén debe ter en conta o uso da lingua. As concesións de subvencións a entidades culturais deben incluír o criterio do uso do galego por parte das entidades receptoras.

5.1.6. Deporte

Sería fundamental que o monitorado das actividades de deporte escolar e de base, que se organicen ou apoiem, usase o galego con normalidade. Ademais, nesas actividades deportivas, débense transmitir tamén mensaxes positivas de cara ao uso da lingua galega. Para o apoio aos clubs e actividades deportivas pódese solicitar e valorar o uso do galego.

5.1.7. Ensino

As actividades que desde o concello se lles ofrecen aos centros de ensino e ás actividades extraescolares, ademais de se desenvolveren en galego, poden servir para transmitir mensaxes positivas de cara ao uso da lingua. A formación dependente ou apoiada desde o Concello pode desenvolverse en galego, como é o caso das escolas infantís de 0 a 3 anos ou outras formacións específicas, como o ensino musical, escolas taller, cursos puntuais etc.

5.1.8. Festas

Nas festas de todo tipo que se organicen ou apoiem desde o concello pódese utilizar o galego como lingua de uso normal para a súa difusión, publicidade, comunicación e desenvolvemento. Ademais, pódese incentivar que as festas sirvan para difundir a música e a oferta festiva que existe na nosa lingua e velar para que, a través delas, se transmitan valores positivos para o uso do galego.

5.1.9. Lecer

As actividades de lecer organizadas ou apoiadas desde o concello (campamentos, espazos de ocio municipais, xogos...), ademais de funcionaren e/ou desenvólvense en galego, deben servir para transmitir mensaxes positivas de cara ao seu uso e prestixio.

5.1.10. Mocidade

As accións, campañas, cursos etc. dirixidos á mocidade deberían, ademais de desenvolverse normalmente en galego, conter mensaxes positivas de cara ao uso e prestixio da lingua, adaptadas aos seus intereses e linguaxes.

5.1.11. *Novas tecnoloxías*

Tanto os ordenadores do Concello como os das aulas de informática poderían ter os sistemas operativos, paquetes ofimáticos e demais programas, por defecto, en galego. Os cursos relacionados coas novas tecnoloxías poderían impartirse en galego e con programas en galego. Para a compra de equipos e/ou programas por parte do Concello, pódese pór como requisito que estean en galego.

5.1.12. *Turismo*

Nas campañas e accións de promoción turística poderíase dar visibilidade á lingua galega e presentala como un valor e como un atractivo importante do noso país, que contribúe, ademais, a termos un mundo multilingüe e plural.

5.1.13. *Urbanismo e obras*

Ademais do uso do galego en indicadores e sinalizadores de rúas, prazas, parroquias, lugares, vilas etc. o Concello podería demandar o uso do galego nos plans, proxectos etc. que lle encargue a empresas, o que debería quedar reflectido nos correspondentes pregos de condicións.

5.2. **As campañas de normalización lingüística e a súa efectividade en distintos ámbitos e sectores**

Ante a imposibilidade de facer, nun informe destas características, unha análise exhaustiva das campañas de normalización lingüística desde os concellos e da súa efectividade, tan só podemos analizar, a modo de exemplo, algunhas das áreas máis relevantes, escollendo en cada unha delas algunhas accións entre as moitas posibles das desenvolvidas nos últimos anos.

5.2.1. *Novas tecnoloxías*

O máis salientable realizado nos últimos anos desde o ámbito municipal en relación coas novas tecnoloxías foi o proxecto Ciberlingua, un programa exemplar e integral que tivo lugar do 2001 ao 2004 e que foi desenvolvido de maneira conxunta por parte dos concellos de Santiago de Compostela, Vigo, Ferrol, Pontevedra, Lugo, Oleiros, Ames, Betanzos, Moaña, Ribadeo, Cambre e Carballo, coa colaboración doutras entidades como a CIG-Ensino, a AS-PG, a Obra Social Caixa Galicia e Galego21.

Ciberlingua foi un innovador proxecto de dinamización do uso do galego que chegou ao conxunto da comunidade escolar dos concellos participantes a través das novas tecnoloxías. O proxecto foi exemplar en canto á colaboración intermunicipal, así como en canto á súa concepción de xeito integral, xa que incluía desde accións para a galeguización do software (localización de programas), até accións formativas para toda a comunidade escolar (cursos e obradoiros para profesores/as, nais e pais e alumnado), accións divulgativas, materiais divulgativos e formativos (guía de navegación en galego, guía de recursos, guía de marcadores etc.).

Desde o ano 2004 até a actualidade non se desenvolveu ningunha campaña salientable desde os concellos en relación coas novas tecnoloxías. O único, de xeito puntual, a guía *Os meus favoritos*, elaborada polo Concello de Carballo en 2006 e en 2008, que recollía preto de 200 enderezos de web en galego de diversos ámbitos e que foi distribuída polo xornal *La Voz de Galicia*. En 2011 esta guía será reelaborada e ampliada conxuntamente polos concellos de Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso e Zas.

5.2.2. Comercio e empresa

O do comercio foi un dos ámbitos en que máis accións se desenvolveron desde os concellos nos últimos anos, con campañas de promoción do uso do galego tanto na rotulación como na atención ao público, procurando case sempre vincular o uso do galego coa calidade, a proximidade e a identificación do comercio, a empresa e os seus produtos e servizos.

Practicamente todas estas campañas contaron con difusión de material informativo, publicitario e/ou de interese para o uso dos comercios (carteis, calendarios, sinalizacións de aberto/pechado, tacos de notas, adhesivos etc.) e asesoramento lingüístico por parte do SNL. Nalgúns casos as campañas tamén contaron con materiais prácticos e documentación para a xestión e a comunicación comercial (caso da campaña *Proba en galego*, do Concello de Pontevedra), accións formativas de atención ao público para comerciantes ou comunicación empresarial (como, por exemplo, as campañas *Incrementa o teu interese*, do Concello de Carballo; *Proba en galego*, do Concello de Pontevedra; ou *Calidade en galego*, do Concello de Ames), léxicos (*En galego, con moito gusto*, do Concello de Ferrol; *A nosa compra en galego*, do Concello da Coruña), compromiso explícito ao uso do galego (*Calidade en galego*, do Concello de Ames), concurso de receitas (*En galego, con moito gusto*, do Concello de Ferrol) etc.

Outras accións que se desenvolven desde os concellos para a promoción do galego no comercio ou a empresa son, por exemplo, convocatorias de subvencións para a rotulación permanente (a última convocatoria nesta liña por parte do Concello de Muros, en 2010), distribución de carteis de rebaixas ou etiquetas para agasallos (case sempre en colaboración coa Mesa), ou convocatorias de premios que recoñecen o esforzo e compromiso de empresas locais co uso do galego (como o Premio Manuel Beiras do Concello de Santiago de Compostela, do que a de 2011 será a súa XII edición).

5.2.3. Hostalaría

Ao ámbito concreto da hostalaría dirixíronse boa parte das campañas nos últimos anos, entre as que poden destacar desde unhas das primeiras, que desenvolvera o Concello de Santiago de Compostela aló polo 2001 (*Restaurantes de Compostela. Restaurantes en galego*), até algunhas máis recentes como *A lingua máis saborosa* (2010), do Concello de Redondela; *Sabor a galego*, do Concello da Coruña (2008); ou *O galego, o mellor dos ingredientes* (2006), desenvolvida conxuntamente polos concellos de Ames, Brión e Rois, o que supuxo un exemplo ao ser unha das primeiras e das poucas campañas desenvolvidas de maneira conxunta por varios concellos. Esta última campaña conxunta procurou, ademais, a fidelización explícita dos establecementos coa lingua por medio da sinatura dun compromiso.

Todas estas accións contaron con diferentes soportes para a súa visibilización, como dípticos, carteis, manteis, menús etc. indicadores para os establecementos adheridos e asesoramento lingüístico ou servizo de elaboración de cartas e menús en galego. No marco de *Restaurantes de Compostela. Restaurantes en galego*, realizada en Santiago de Compostela xa en 2001, desenvolveuse o primeiro programa informático para a xeración automática de menús multilingües, co galego como primeira e preferente opción.

5.2.4. Acollida e integración

Debido ao comezo da chegada de poboación inmigrante ao noso país, algúns concellos viron a necesidade de comezar a dar servizos de asesoramento, información e apoio ás persoas foráneas que veñen vivir ao noso país, para facilitar a súa acollida e integración. Así, ante esta nova realidade, entre eses servizos e accións, desde algúns concellos comezaron a desenvolverse campañas e obradoiros de integración lingüística e sociocultural, cos

obxectivos de facilitarlles a integración na sociedade galega ás persoas inmigrantes (e tamén ás emigrantes retornadas), darlles a coñecer a historia e situación do país, da sociedade, da cultura, do mercado laboral, da comunicación etc. ao mesmo tempo que facilitarlles nocións básicas e prácticas para a comprensión, para a fala e para a escrita. Obradoiros e cursos deste tipo organizáronse, desde o ano 2005, en concellos como Carballo, Ames, Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, A Estrada, Ribeira, Vimianzo etc. cunha, en xeral, boa acollida e moi bos resultados en canto á aprendizaxe e integración das persoas participantes.

Ademais destes obradoiros e dalgunhas outras accións puntuais, o Concello de Vigo tamén desenvolveu nos últimos anos o programa *En galego tamén noutros mundos*, co obxectivo de facilitar a integración sociocultural e lingüística da poboación inmigrante a través do coñecemento mutuo. Dentro deste programa incluíronse diversas accións como unha festa multicultural, unhas xornadas de integracións lingüística, cursos de achegamento á lingua para novos/as galegos/as etc.

Cómpre destacar tamén o Proxecto de planificación lingüística do Concello de Burela, plan que partiu do instituto da localidade e que foi aprobado por unanimidade polo Concello. Aínda que procura ser un plan xeral, debido ás características poboacionais do municipio e ao gran número de poboación inmigrante (nomeadamente de orixe caboverdiana), este proxecto céntrase en boa parte nesa poboación inmigrante.

Nos últimos anos algúns concellos tamén implantaron no seu municipio o programa de Voluntariado de Activación Lingüística, desenvolvido pola Xunta de Galicia en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística. Este programa de parellas lingüísticas, que a Xunta paralizou en 2010, poñía en contacto persoas que querían aprender e practicar o galego, principalmente inmigrantes, con persoas que, de xeito voluntario, as axudaban a facelo.

5.2.5. Deportes

Campañas desenvolvidas desde os concellos para a normalización lingüística no ámbito do deporte non houbo moitas.

Quizais as únicas accións destacables nos últimos anos sexan a campaña *O galego parte de ti* con motivo do Mundial de Tríatlon que desenvolveu o Concello de Pontevedra no ano 2010 (coa visibilización do galego durante o mundial, unha guía rápida de galego para triatletas, difusión de vocabulario específico...), a campaña *Xoga e fála* da mañá á noite, do Concello de Redondela, ou a convocatoria de subvencións para a galeguización de entidades deportivas e outras accións puntuais do Concello de Ferrol.

5.2.6. Nadal e Ano Novo

Propostas de agasallos en galego, modelos ou concursos de cartas para os Reis, Papá Noel ou o Apalpador, difusión de panxoliñas, propostas de SMS para felicitar o ano novo, etiquetas para os agasallos... A época de Nadal e de Ano Novo sempre concentra unha chea de accións normalizadoras desde os concellos.

Un exemplo salientable do último ano foi a guía *Agasallo*, de propostas de regalos en galego de diverso tipo e para todas as idades (libros, camisolas, perfumes, xogos, aparellos electrónicos, música etc.). Esta guía de 32 páxinas foi editada pola Deputación da Coruña, en colaboración coa CTNL, e da distribución dos seus 45 000 exemplares en papel encargáronse case todos os concellos con servizo de normalización lingüística da provincia. Ademais desa distribución que chegou a todos/as os/as nenos/as dos preto de 50 concellos con SNL da Coruña, tamén se difundiu a través da rede.

Antes da edición en 2010 de *Agasallo*, algúns concellos —e moitos centros de ensino— xa facían unha acción semellante, como, por exemplo, o de Cerceda.

Ademais, son moitos os concellos que, case sempre en colaboración coa Mesa, distribúen etiquetas en galego para os agasallos entre os comercios do municipio.

Tamén as cartas aos Reis, Papá Noel ou o Apalpador serven para promocionar a lingua, ben distribuindo un modelo axeitado para que os nenos e as nenas a poidan redactar en galego, cousa que fan dúcias de concellos, ben organizando ademais un concurso, como é o caso da Coruña ou Ames.

5.2.7. *Transmisión interxeracional*

Quizais pola dificultade de como enfocar as campañas, ou quizais pola necesaria transversalidade que require, algo tan importante e fundamental como a transmisión interxeracional da lingua non é obxecto directo de moitas campañas de normalización lingüística desde os concellos. Algúns concellos que si desenvolveron algunhas accións concretas neste ámbito foron Santiago de Compostela, Redondela e Narón.

A campaña *Chámame, fálame*, desenvolvida polo Concello de Santiago de Compostela en 2007, contaba con tres etapas. A primeira para concienciar a pais e nais sobre a importancia de transmitirlle o galego ao seu futuro fillo ou futura filla, con distribución de materiais en clínicas xinecolóxicas, tendas de roupa de bebés etc. A segunda etapa, no momento do parto, coa entrega ás nais e pais dunha carpeta informativa con consellos para incentivar as capacidades lingüísticas na educación e que incluía un bafeiro con palabras usuais nos primeiros meses de vida. A terceira, coa entrega no Rexistro Civil dun boneco no recordatorio da transmisión familiar da lingua.

Do berce á rúa, medra coa lingua, foi desenvolvida polo Concello de Narón en 2010, e a través de materiais como un medidor ou un adhesivo de coche, ou de ferramentas como un web específico, tratou de achegar argumentos para axudar no inicio do camiño do uso do galego.

A mellor escola, a casa, desenvolveuse en Redondela en 2010, cando se fixo un chamamento ás familias para colaboraren na divulgación de todos aqueles elementos que conforman a tradición oral: ditos e rimas, refráns, cantigas, contos, xogos populares e adiviñas. Este material recolleuse en audio, vídeo e presentacións e difundíuse a través dun CD.

5.2.8. *Lecer para cativos/as*

No ámbito do lecer para os/as cativos/as, seguro que se desenvolveron moitas accións de xeito transversal, mais, algunhas das campañas específicas que se poden salientar poden ser os programas *Vés xogar* (2008) e *O galego medra contigo* (desde 2008 até a actualidade), desenvolvidas polo Concello da Coruña. Estas campañas inclúen actividades de animación lingüística polos diferentes barrios da cidade, con concertos, teatro, animación de rúa, actividades etc.

Outro exemplo de actividade ben distinta é o campamento de inmersión lingüística e educación ambiental *Ani-malingua*, desenvolvido polo Concello de Santiago de Compostela, e no que cada ano uns 30 rapaces e rapazas participan nunha granxa escola co uso do galego como nexo de unión, aprendizaxe e convivencia.

Outra acción ben diferente tamén pode ser a guía *Un verán de lecer*, editada polo Concello de Zas en 2010 e difundida entre todos/as os/as escolares do municipio, con recomendacións de produtos culturais en galego para poder botar man deles no verán (libros, discos etc.).

Tamén para crear espazos de lecer en galego para cativos/as, varios concellos desenvolveron actividades centradas no audiovisual, como por exemplo *Curtas en galego*, na Coruña; *Unha lección de cine*, en Vigo; ou *Pelís para os/as peques*, tamén na Coruña.

5.2.9. Transmisión oral e uso público

Unha acción que, de momento, só están a desenvolver dous concellos, A Coruña e Pontevedra, é a da organización de certames de debate. Tanto o certame *Falamos*, da Coruña, como o *Club de debate*, de Pontevedra, procuran fomentar as habilidades comunicativas en galego, así como promocionar o debate e o uso público oral da lingua.

En Pontevedra desenvolveuse esta experiencia nos dous últimos anos, e na Coruña van pola terceira edición, en ambos os dous casos cunha implicación e un traballo moi positivo por parte dos/as participantes. Este podería ser un exemplo de actividade que se pode desenvolver en diversas comarcas de maneira coordinada, para trasladar o certame ao ámbito galego desde os concellos.

5.3. Valoración xeral da acción de política lingüística no ámbito municipal

En xeral, aínda que non podemos analizar polo miúdo a efectividade de cada unha, todas as campañas de normalización lingüística desenvolvidas polos concellos nos diferentes ámbitos, sempre que persigan o obxectivo de incrementar o uso e prestixio da lingua galega, deben considerarse como positivas e incluso como imprescindibles. Mais, do que non hai dúbida, é que serían moito máis efectivas se se atendesen mellor tres criterios clave:

A *transversalidade*: se en todas as accións desenvolvidas desde os concellos nas súas diferentes áreas se tivesen en conta criterios e obxectivos normalizadores, a efectividade do proceso de promoción de uso e prestixio do galego sería moito maior.

A *coherencia*: se o conxunto do Goberno e Administración municipal é coherente na defensa, promoción e uso do galego e se lle traslada á cidadanía sempre, en todas as situacións e en todos os ámbitos, unha mensaxe positiva e coherente con respecto á lingua, a efectividade do proceso de promoción de uso e prestixio do galego sería moito maior.

A *coordinación, planificación e colaboración*: se se aproveitasen mellor os recursos e houbera unha planificación seria a nivel galego, unha coordinación real das accións para o fomento da lingua das distintas administracións e unha colaboración intermunicipal e interadministrativa para o desenvolvemento de accións conxuntas para todo o país, para as sete cidades ou para unha comarca enteira (dependendo das accións e/ou circunstancias), a efectividade do proceso de promoción de uso e prestixio do galego sería moito maior.

6. CONCLUSIÓN E PROPOSTAS XERAIS

6.1. Conclusións xerais

1. Os concellos desenvolven un papel activo no proceso de normalización lingüística, e iso a pesar das escasas obrigas e competencias establecidas na lexislación, de non seren tidos en conta no PXNLG de 2004 e do escaso apoio e coordinación dada pola Xunta até o momento.

2. Aínda que non todos os concellos teñen área de política lingüística, estas áreas foron incrementándose nos últimos anos, con tendencia a situarse como áreas centrais e transversais, aínda que en moitas ocasións aínda están relegadas a ámbitos concretos como cultura ou ensino. Ademais, numerosos concellos xa se dotaron de ordenanza municipal de normalización lingüística, aínda que o seu cumprimento é bastante irregular. Os que non están xeneralizados son organismos de participación nin os plans de normalización, a pesar de seren elementos clave para a planificación e a implicación cidadá no proceso normalizador.

3. Os SNL son os elementos estruturais básicos para poder planificar e executar accións de normalización lingüística que cheguen ao conxunto da cidadanía galega. Na actualidade abranguen máis do 60% da poboación, pero a súa acción non está coordinada nin planificada a nivel galego. Aínda así, os recursos que as administracións lle dedican á política lingüística son moi escasos e, nalgúns casos, incluso inexistentes.

4. En xeral, as administracións locais seguen a incumprir as súas obrigas con respecto á utilización do galego en todos os ámbitos comunicativos e de funcionamento da Administración local. Para o uso axeitado do galego como lingua de traballo e comunicación nas administracións locais faltan mecanismos de control, formación axeitada e maior responsabilidade política.

5. Aínda que son moitas e moi variadas as accións desenvolvidas desde os concellos de cara á normalización lingüística, faltan tres elementos clave para a súa efectividade: a transversalidade, a coherencia e a coordinación.

6.1. Cinco propostas de futuro

1. Débeselle prestar maior atención ao papel dos concellos no proceso de normalización lingüística, establecendo de xeito máis claro as súas obrigas e competencias como axentes normalizadores e prestándolles *maior apoio, recursos e coordinación* desde as administracións provinciais e galega.

2. Para procurar a normalización lingüística de xeito eficiente, os concellos deben contar cunha *área transversal*, desde a que dirixir unha *política lingüística planificada* (mediante un plan), *participativa* (mediante órganos de participación) e convenientemente *regulada* (mediante unha ordenanza de impulso do proceso normalizador).

3. É fundamental apostar polos *servizos de normalización lingüística* e pola creación dun organismo que os coordine a nivel galego e a nivel comarcal, para así poder deseñar e executar accións desde estes departamentos no conxunto do territorio. Para desenvolver estas accións, propomos que as administracións públicas lle dediquen o 0,3% do seu *orçamento* á política de normalización da lingua galega.

4. Débense establecer *normas e mecanismos de control* que garantan o uso do galego, e un uso axeitado, por parte das persoas que forman as administracións. Ademais, cómpre impulsar, renovar e especializar a *formación* do persoal ao servizo da Administración e tamén dos cargos públicos.

5. Para unha maior eficiencia das accións normalizadoras desde o ámbito municipal é fundamental ter en conta obxectivos normalizadores en todas as accións desenvolvidas desde os concellos (*transversalidade*), que o conxunto da Administración transmita unha mensaxe unánime a prol do galego (*coherencia*) e que haxa unha planificación e colaboración xeral a nivel galego (*coordinación*).

**ANEXO DE NORMATIVA
QUE REGULA O USO
DA LINGUA GALEGA**

A seguir preséntase unha escolma da normativa de interese para o desenvolvemento da política lingüística desde o ámbito municipal. Esta selección recolle os artigos que regulan o uso da lingua nas normas ás que se fai referencia ao longo do informe, aínda que non pretende ser exhaustiva.

1 LEXISLACIÓN COMUNITARIA

Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias

A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias é un tratado internacional con pouca aplicación práctica na Administración local pero que supuxo un serio avance no recoñecemento das linguas chamadas minoritarias en Europa, pois o continuo proceso de europeización da política e economía do noso contorno ten unha importancia capital á hora de deseñar todo tipo de políticas.

España asinou a Carta o 5 de novembro de 1992, e aprobouna e ratificouna o 2 de febreiro de 2001; entrou en vigor o 1 de agosto de 2001. O Estado español ratificouna na súa integridade, sen formular reservas, e escolleu o grao de protección ás linguas máis elevado en todos os apartados que recolle a Carta. É especialmente relevante que fose ratificada cando presidía o Goberno o partido conservador do PP, xa que lle confire a este texto unha referencia importante no proceso de aceptación das linguas cooficiais mesmo por parte de sectores que na actualidade están a adoptar posturas non favorables aos avances políticos e sociais á hora de protexer e fomentar o uso das linguas cooficiais do Estado español.

2 LEXISLACIÓN XERAL BÁSICA

Constitución española, do 27 de decembro de 1978

Artigo 3

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de a usar.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Estatuto de autonomía. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 27

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

20. A promoción e o ensino da lingua galega.

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística

Título I. Dos dereitos lingüísticos de Galicia

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo.

Artigo 2

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 3

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua. Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

Título II. Do uso oficial do galego

Artigo 4

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

2. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado.

Artigo 5

As leis de Galicia, os decretos lexislativos, as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración pública galega publicaranse en galego e castelán no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 6

1. Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2. As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

3. Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei.

Artigo 10

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
2. Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais para todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Artigo 11

1. A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público en Galicia.
2. Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autónoma e local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.
3. Na resolución dos concursos e oposicións para prover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e todos os funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, así como notarios, rexistradores da propiedade e mercantís, será mérito preferente o coñecemento do idioma galego.

Título III. Do uso do galego no ensino (artigos 12 a 17)

Título IV. Do uso do galego nos medios de comunicación

Artigo 18

O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.

Título V. Do galego exterior (artigo 21)

Título VI. Da Administración autonómica e a función normalizadora

Artigo 22

O Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente Lei.

Artigo 23

O Goberno galego establecerá un plan destinado a resaltar a importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Artigo 24

1. A Escola Galega de Administración Pública encargárase da formación dos funcionarios a fin de que poidan usar o galego nos termos establecidos pola presente Lei.

Artigo 25

O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

Disposición adicional

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimárase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega. Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego.

Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diferentes leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior

Disposición adicional sexta

Fomento do uso da lingua galega na actividade dos prestadores de servizos:

1. Os prestadores de servizos que operen en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística, especialmente a partir da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, consonte o disposto na alínea 4 do artigo 1 da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

2. Para estes efectos, favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberánlles ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita en lingua galega.

3. LEXISLACIÓN XERAL BÁSICA SOBRE A FUNCIÓN PÚBLICA E O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

Lei 10/1989, de modificación da Lei 4/1987, do 21 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública

Artigo único

Os artigos 3 e 7 da Lei 4/87, do 27 de maio, quedarán redactados do seguinte xeito:

Artigo 3

1. Son fins da EGAP:

2. i) A difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e mais a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Artigo 35. Dereitos dos cidadáns

Os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas, teñen os seguintes dereitos:

d) A utilizar as linguas oficiais no territorio da Comunidade Autónoma, de acordo co previsto nesta Lei e no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 36. Lingua dos procedementos. (Modificado pola Lei 4/1999)

1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. Se concorresen varios interesados no procedemento, e existise discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, se ben os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida por eles.

2. Nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

3. A Administración pública instrutora deberá traducir ao castelán os documentos, expedientes ou partes destes que deban producir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma e os documentos dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente. Se debesen producir efectos no territorio dunha Comunidade Autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non será precisa a súa tradución.

Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico de empregado público

Artigo 56. Requisitos xerais

2. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección de empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas comunidades autónomas que gocen de dúas linguas oficiais.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos

Disposición adicional sexta. Uso de linguas oficiais:

1. Garantirase o uso das linguas oficiais do Estado nas relacións por medios electrónicos dos cidadáns coas administracións públicas, nos termos previstos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na normativa que en cada caso resulte de aplicación.

2. Para estes efectos, as sedes electrónicas cuxo titular teña competencia sobre territorios con réxime de cooficialidade lingüística posibilitarán o acceso aos seus contidos e servizos nas linguas correspondentes.

3. Os sistemas e aplicacións utilizados na xestión electrónica dos procedementos adaptaranse ao disposto en canto ao uso de linguas cooficiais no artigo 36 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Cada Administración pública afectada determinará o calendario para o cumprimento progresivo do previsto na presente disposición, e deberase garantir o seu cumprimento total nos prazos establecidos na disposición final terceira.

Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia

(Derogada pola Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo)

O punto dezasete modifica o artigo 33, no que se establecen medidas para asegurar o cumprimento do xa existente deber de acreditación do coñecemento da lingua galega no acceso ao emprego público autonómico. A medida tenta posibilitar o cumprimento, no ámbito da función pública, do establecido no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia, así como do disposto na Lei de normalización lingüística de Galicia.

Dezasete.-Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

«Artigo 33

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir o dereito dos administrados ao uso da lingua propia de Galicia nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e en cumprimento da obriga de promover o uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia que determina o artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas entidades locais de Galicia, terase que demostrar o coñecemento da lingua galega.

Para estes efectos, as bases das convocatorias establecerán que unha ou máis das probas do proceso selectivo se deberán realizar exclusivamente en lingua galega, e iso sen prexuízo doutras probas adicionais, que se puidesen prever, para aqueles postos de traballo que requiran un especial coñecemento da lingua galega».

Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo

Artigo único.-Modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo.

Modifícase o artigo 35 do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, que queda redactado como segue:

«Artigo 35

A Administración garantirá os dereitos constitucionais e lingüísticos das cidadás e dos cidadáns galegos, tanto respecto do galego, como lingua propia de Galicia, como do castelán, lingua oficial en Galicia.

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e a valoración deste exame.

Todo isto sen prexuízo daquelas probas que teñan que realizarse en galego para aquelas prazas que requiran un especial coñecemento da lingua galega».

Disposición transitoria

Única.-A liberdade de elección de lingua galega e de lingua castelá nas probas selectivas seralles aplicable a todos os procesos selectivos da Comunidade Autónoma de Galicia en curso, e que aínda non estean finalizados, respecto daqueles exercicios non realizados.

4. LEXISLACIÓN XERAL BÁSICA EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais

Artigo 1

1. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as devanditas entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial.

Artigo 2

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega.

2. Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.

Ley 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia

Artigo 7

1. O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito no nome das corporacións locais redactaranse na lingua galega.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, tales entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial, o castelán.

3. A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.

5. OUTRAS DISPOSICIÓNS QUE AFECTAN A POLÍTICA LINGÜÍSTICA LOCAL

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

(Derroga o Decreto 124/2007, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística)

Plan xeral de normalización da lingua galega

Foi aprobado no Parlamento galego, por unanimidade, o 21 de setembro de 2004. A análise e as medidas que contén actúan como principios reitores do ordenamento lingüístico. Consta de diversos apartados, entre os que se distinguen obxectivos xerais e sete sectores que pola súa vez están subdivididos en áreas. O sector 1 ocúpase da Administración; dentro del, a área 2 está dedicada á Administración local. Porén, todo o texto é de interese para o desenvolvemento da política lingüística municipal.

**ANEXO DE ACTUALIZACIÓN DA
ANÁLISE DA ACCIÓN EN POLÍTICA
LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO MUNICIPAL
NOS ÚLTIMOS ANOS**

A presente *Análise da acción en política lingüística no ámbito municipal nos últimos anos* rematouse de realizar en abril de 2011. Desde ese momento até a súa publicación, en xaneiro de 2012, transcorreron máis de oito meses, durante os cales se produciron unha serie de acontecementos que implicaron mudanzas significativas nos datos en que se basea a análise e en determinados aspectos desta.

Como o informe corresponde a aquel momento, abril de 2011, non é pretensión deste anexo ofrecer a súa actualización completa, mais si coidamos imprescindible actualizar a información que nos parece máis relevante no momento da súa publicación e sinalar determinados aspectos e apartados en que houbo cambios.

Os acontecementos máis relevantes en relación coa información que se ofrece no informe foron os seguintes:

- En maio de 2011 tiveron lugar eleccións municipais, polo que houbo mudanzas na cor política dos gobernos de varios concellos e, en moitos casos, tamén nas políticas lingüísticas destes. Este feito afecta, principalmente, ao apartado 3.1, en que se analizan as áreas de política lingüística nas administracións locais, e ao apartado 3.2.3, en que se analizan os servizos de normalización lingüística segundo a cor política do correspondente goberno municipal.

- En setembro de 2011 a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia suspendeu, nunha iniciativa sen precedentes nos últimos vinte anos, a convocatoria de axudas ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega, mediante as que se financiaban tanto o mantemento e a creación de servizos de normalización lingüística como o desenvolvemento de accións de promoción do galego en concellos. Este feito afecta, principalmente, ao apartado 2.3, en que se analiza a obriga de apoio e coordinación desde a Xunta de Galicia, e ao apartado 3.2, en que se analiza a existencia de servizos de normalización lingüística.

- En outubro de 2011 constituíuse formalmente a Rede de Dinamización Lingüística, tal e como a Xunta a tiña deseñada nun principio, sen incorporar as propostas realizadas desde o ámbito técnico. Por tanto, esta Rede presenta dúas características: por unha banda acolle como membros a concellos que non contan con servizo de normalización lingüística; por outra, as persoas que representan tecnicamente os concellos na rede non son necesariamente técnicos/as de normalización lingüística, aínda no caso das entidades que contan con SNL. Este feito afecta, principalmente, aos apartados 2.3.2, en que se fala dun Consorcio frustrado e dunha Rede aínda sen funcionar, ao apartado 3.2, en que se analiza a existencia de servizos de normalización lingüística, e ao apartado 3.7, en que se analiza a coordinación.

- En decembro de 2011 a Deputación da Coruña anunciou que rebaixa o seu apoio económico para o apoio ao mantemento de SNL de 12 000 € a 3 000 €, coa posibilidade de chegar a 6000 € se houbese o suficiente orzamento dispoñible (a partida destinada a este concepto pasa dun total de 520 000 € en 2011 a 190 000 € en 2012), e que só se poderían acoller a este apoio os concellos ou agrupacións de máis de 7000 habitantes. Ademais, o apoio pasa de ser trianual a anual. Esta disposición afecta, principalmente, aos apartados 2.4, en que se analiza o papel das deputacións, e ao apartado 3.2, en que se analiza a existencia de servizos de normalización lingüística.

Como as mudanzas máis significativas se deron cos cambios de cor de gobernos municipais, coa constitución da Rede de Dinamización Lingüística e co peche de varios servizos de normalización lingüística municipais, ofrecemos aquí unha actualización do cadro do apartado 3.2.2 coa incorporación da seguinte información: organización(s) política(s) que forma(n) o goberno en xaneiro de 2012, mantemento ou non do SNL en xaneiro de 2012 e pertenza ou non á RDL.

Concello	Provincia	Poboación municipio	Goberno en abril 2011	Goberno en xaneiro 2012	Mantemento do SNL	RDL
Concello de Vigo	Pontevedra	297 124	PSOE-BNG	PSOE	SI	NON
Concello da Coruña	A Coruña	246 047	PSOE-BNG	PP	SI	NON
Concello de Ourense	Ourense	108 673	PSOE-BNG	PSOE-BNG	SI	NON
Concello de Lugo	Lugo	97 635	PSOE	PSOE-BNG	SI	NON
Concello de Santiago de Compostela	A Coruña	94 824	PSOE-BNG	PP	SI	SI
Concello de Pontevedra	Pontevedra	81 981	BNG-PSOE	BNG-PSOE	SI	NON
Concello de Ferrol	A Coruña	73 638	PSOE	PP	SI	SI
Concello de Narón	A Coruña	38 285	TG	TG-PSOE-BNG	SI	NON
Concello de Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	37 926	PSOE-BNG	PP	SI	SI
Concello de Oleiros	A Coruña	33 550	Ind.	Ind.	SI	NON
Concello de Carballo	A Coruña	31 149	BNG-PSOE	BNG	SI	NON
Concello de Arteixo	A Coruña	30 255	PSOE-TG	PP	SI	SI
Concello de Redondela	Pontevedra	30 067	PSOE-BNG	PP	SI	NON
Concello de Culleredo	A Coruña	28 737	PSOE-BNG	PSOE-BNG	SI	NON
Concello de Ames	A Coruña	27 900	PSOE	PP	SI	SI
Concello de Ribeira	A Coruña	27 504	PP	PP	SI	SI
Concello de Ponteareas	Pontevedra	23 316	PP-Ind.	PP	SI	SI
Concello da Estrada	Pontevedra	21 828	PSOE-BNG	PP	SI	SI
Concello de Monforte de Lemos	Lugo	19 638	BNG	BNG-PSOE	SI	NON
Concello de Moaña	Pontevedra	19 231	BNG-PSOE	PP	SI	NON
Concello de Boiro	A Coruña	19 076	BNG-PSOE	PP	SI	SI
Concello de Teo	A Coruña	17 940	BNG	BNG	SI	SI
Concello de Poio	Pontevedra	16 309	BNG-PSOE	BNG-PSOE	SI	NON
Concello de Vilalba	Lugo	15 327	PP	PP	SI	SI
Concello do Carballiño	Ourense	14 136	PSOE-BNG	PP	SI	SI
Concello do Barco de Valdeorras	Ourense	14 134	PSOE	PSOE	NON	SI
Concello de Fene ¹	A Coruña	13 902	PSOE-BNG	PP	SI	NON
Concello de Betanzos	A Coruña	13 673	PP	PSOE	SI	SI
Concello das Pontes de García Rodríguez	A Coruña	11 336	PSOE	PSOE	SI	NON
Concello do Grove	Pontevedra	11 297	PSOE-BNG-PG	PP-PG-Ind.	SI	NON
Concello de Santa Comba	A Coruña	10 408	Ind.	PP	SI	SI
Concello de Ribadeo	Lugo	9988	BNG	BNG	SI	NON
Concello de Muros	A Coruña	9704	BNG-PP	PSOE	SI	SI
Concello de Pontedeume	A Coruña	8370	PP	PP	SI	NON
Concello de Melide	A Coruña	7838	BNG-PSOE	PP	SI	NON
Concello de Cee	A Coruña	7818	Ind.	Ind.	SI	SI


Concello	Provincia	Poboación municipio	Goberno en abril 2011	Goberno en xaneiro 2012	Mantemento do SNL	RDL
Concello de Outes	A Coruña	7313	PP	PP	SI	SI
Concello de Oroso	A Coruña	7050	PSOE-BNG	PSOE	NON	SI
Concello da Cañiza	Pontevedra	6517	PP	PP	SI	SI
Concello de Arzúa	A Coruña	6409	BNG	BNG	NON	SI
Concello de Ponteceso	A Coruña	6215	PP	PP	SI	SI
Concello de Malpica de Bergantiños	A Coruña	6178	PSOE	PP	NON	NON
Concello de Valga	Pontevedra	6127	PP	PP	SI	SI
Concello de Carral	A Coruña	5945	PP	PP	SI	SI
Concello de Abegondo	A Coruña	5765	PP-PSOE	PP	SI	SI
Concello de Miño	A Coruña	5628	PP	PP	SI	NON
Concello de Cerceda	A Coruña	5486	PSOE	PSOE	NON	NON
Concello de Zas	A Coruña	5295	BNG-TG	BNG	NON	NON
Concello de Vedra ²	A Coruña	5052	PSOE	PP	NON	SI
Concello de Fisterra	A Coruña	4995	PP	PP	SI	SI
Concello de Rois	A Coruña	4936	PP	PP	SI	SI
Concello de Cabana de Bergantiños	A Coruña	4909	PP	PP	NON	SI
Concello de Carnota	A Coruña	4904	PP	BNG	SI	SI
Concello de Cervo	Lugo	4595	PP	PP	SI	NON
Concello de Cariño	A Coruña	4530	PSOE-BNG	BNG	NON	NON
Concello de Boqueixón	A Coruña	4444	PP	PP	SI	SI
Concello de Val do Dubra	A Coruña	4386	PP	PP	SI	SI
Concello da Baña	A Coruña	4320	PP	PP	SI	SI
Concello de Dumbría	A Coruña	3705	PSOE	PSOE	SI	SI
Concello de Palas de Rei ²	Lugo	3643	PP	PP	NON	NON
Concello de Barreiros	Lugo	3203	PP	PP	NON	SI
Concello de San Sadurniño ²	A Coruña	3098	BNG-PSOE	BNG	NON	NON
Concello de Dodro	A Coruña	3017	PSOE-BNG	PP	NON	SI
Concello da Lama	Pontevedra	2966	PP	PP	SI	SI
Concello de Mesía	A Coruña	2918	PSOE	PSOE	NON	NON
Concello de Boimorto	A Coruña	2271	PSOE	PSOE	SI	SI
Concello de Monfero	A Coruña	2239	PSOE	In	NON	NON
Concello de Aranga	A Coruña	2126	PP	PP	NON	SI
Concello de Santiso	A Coruña	1930	PP	PP	NON	NON
Concello de Vilasantar	A Coruña	1406	BNG	PP	NON	NON

1. O SNL do Concello de Fene incorpórase á listaxe tras a incorporación do seu técnico logo dunha excedencia que non foi cuberta.
2. Os SNL dos concellos de Vedra, Palas de Rei e San Sadurniño deixaron de funcionar antes de abril de 2011, mais foron incluídos como activos na análise por erro.


Deste xeito, vemos como entre abril e decembro de 2011 os cambios existentes provocaron o peche de 16 SNL, o que fai que os SNL activos ao remate de decembro de 2011 sexan 52, un 21% menos que en abril de 2011. Dos 16 concellos que pecharon o seu SNL, 8 forman parte da RDL, isto é, o 50%.

Con estes feitos, algúns datos que cómpre sinalar son:

- Dos 315 concellos galegos, forman parte da Rede de Dinamización Lingüística 90, isto é, o 28,6% do total de concellos galegos.



- Dos 90 concellos que forman parte da RDL, teñen SNL 31, isto é, o 34% do total. Deste xeito, dous terzos dos concellos da RDL non contan con SNL.



- Dos 52 concellos que teñen SNL forman parte da RDL 31, isto é, o 59% do total.

